



**SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO
O DÍA 29 DE XANEIRO DE 2015**

ORDE DO DÍA

- 1 Aprobación, de ser o caso, da acta da sesión número 18 de 18/12/2014
- 2 Dar conta de expedientes de modificación de crédito
- 3 Dar conta do nomeamento de María José Barciela Barros como membro da Xunta de Goberno local
- 4 Aprobación da adxudicación do contrato do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do Concello de Redondela
- 5 Aprobación da adxudicación do contrato de servizos para a redación do Plan Xeral de Ordenación municipal de Redondela
- 6 Aprobación inicial da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Redondela
- 7 Aprobación definitiva da modificación puntual da plantilla de persoal
- 8 Proposta para denominar un espazo público como “Praza Rita Otero”
- 9 Actividades de control do pleno:
 - 9.1 Dar conta das resolucións de alcaldía
 - 9.2 Mocións
 - 9.2.1 Moción do grupo municipal do Partido Popular para o cumprimento da Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno
 - 9.2.2 Moción do grupo municipal do BNG sobre a modificación das condicións de adhesión a SOGAMA
 - 9.2.3 Moción do grupo municipal do BNG sobre o servizo de subministro eléctrico no Concello de Redondela
 - 9.3 Solicitudes de comparecencia
 - 9.4 Rogos e preguntas

Na Casa do Concello, ás vinte horas do Día vinte e nove de xaneiro de dous mil catorce, coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, Erminda Quelle Fernández, María Teresa París Blanco, Julio Alonso Monteagudo, Antonio Cabaleiro Millares, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, Ana María Alonso Alonso, Arturo González Barbeiro, Cándido Vilaboa Figueroa, Eduardo José Reguera Ocampo, Leonardo Cabaleiro Couñago, Luís Alberto Orge Míguez, Antonio Vázquez Saco, Leticia González Guisande, José García Míguez, Cecilia Pérez Orge, Xoán Carlos González Campo e Alfonso Blanco Pérez, tamén asistiu o interventor do Concello, Ángel Santamariña Rivera, actuando como secretaria a secretaria xeral da corporación, Ana Begoña Merino Gil.

Constitúese validamente o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

INCIDENCIAS:

Ás 21,45 h e ata as 22,00 h o alcalde acorda un receso.

A concelleira GONZÁLEZ GUISANDE auséntase da sesión trala votación da moción 9.2.2.



CONCELLO DE REDONDELA

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero.

1. APROBACIÓN, DE SER O CASO, DA ACTA DA SESIÓN NÚMERO 18 DE 18/12/2014

Dáse conta do borrador da acta 17, correspondente á sesión celebrada con carácter ordinario o Día 27 de novembro de 2014.

A concelleira PÉREZ ORGE pide que se rectifique a súa intervención en relación coa moción presentada polo grupo municipal AER para poñer fin á prohibición sobre a arte do xeito (páxina 5) onde sinala que *AER inclúe agora unha nova reivindicación co tema da veda da sardiña* (e non coa *teima*, como figura na acta).

Sometida a votación a acta coa referida rectificación, é aprobada nos seus propios termos por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte e un votos a favor (10 do PP, 8 do PSdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER.).

2. DAR CONTA DE EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO:

Dada conta dos seguintes expedientes administrativos de modificación de crédito:

- Expediente MC 28/2014 tc 14-14 mediante transferencia de crédito por importe de 22.613,15 euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 18/12/2014
- Expediente MC 29/2014 tc 15-14 mediante transferencia de crédito por importe de 5.831,61 euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 29/12/2014
- Expediente MC 30/2014 gc 11-14 mediante xeración de crédito por importe de 126.631,54 euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 30/12/2014
- Expediente MC 31/2014 ac 2-14 mediante ampliación de crédito por importe de 10.000,00 euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 30/12/2014

A corporación queda informada dos expedientes administrativos de modificación de crédito anteriormente relacionados.

3. DAR CONTA DO NOMEAMENTO DE MARÍA JOSÉ BARCIELA BARROS COMO MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Dáse conta da resolución do alcalde de data 29/12/2014 de nomeamento de María José Barciela Barros como membro da Xunta de Goberno Local.

4. APROBACIÓN DA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE REDONDELA

ANTECEDENTES

Ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de 23/01/2015 que di:

“Mediante resolución da Alcaldía de data 17 de marzo de 2014 iniciouse o expediente para a contratación do **Servizo de axuda no fogar do Concello de Redondela**, por un prazo inicial de tres (3) anos, prorrogable por dous períodos de dous (2) anos e un (1) respectivamente, cun valor estimado de 1.650.000,00 euros, IVE incluído e cun orzamento máximo anual que



CONCELLO DE REDONDELA

ascende a 275.000,00 €, incluíndo o IVE de aplicación que é o 4% para SAF-Dependencia e 10% para SAF-Libre concorrencia, calculado este sobre estimación dun servizo de 14.126,03 horas/anuais de SAF-Dependencia e 3.685 horas/anuais de SAF-Libre concorrencia, a licitar mediante procedemento aberto, por ser o procedemento ordinario e en función de que toda persoa interesada poida presentar unha proposición, ao abeiro do artigo 157 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (en adiante TRLCSP).

Por acordo do Pleno adoptado en sesión ordinaria celebrada o 27 de marzo de 2014 aprobáronse os pregos de cláusulas administrativas e os de prescricións técnicas, aprobouse o expediente de contratación e o gasto correspondete ao ano 2014 con cargo ao crédito existente na aplicación 2331A/22709 do estado de gastos do orzamento vixente.

O día 7 de maio de 2014 tivo lugar o acto de exame das declaracións responsables e apertura da catro proposicións presentadas ao procedemento aberto para a contratación do Servizo de axuda no fogar do Concello de Redondela, co resultado que se reflicte na acta da reunión que a continuación se transcribe:

“Constituída a Mesa e examinados os asentos no correspondente libro rexistro, resulta que se presentaron catro proposicións.

Tras examinar as declaracións responsables do licitadores presentados á licitación, a Presidencia ordena que se proceda á apertura do sobre núm. A) *Referencias técnicas* co resultado que se reflicte a continuación:

Plica núm. 1: Presentada por don Nonito Gutiérrez Crespo, con DNI núm 35245334L, en representación da empresa Servizos Sociais a Comunidade, SL (SSAC, SL), con CIF núm. B94078524 e domicilio social en Pontevedra, Mourente, na avenida de Montecelo, 5, baixo; correo electrónico: ssacs1970@gmail.com, que inclúe o Proxecto no que se detalla o proxecto técnico, a relación de persoal, a metodoloxía de calidade do servizo, xestión e responsabilidade empresarial, formación, convenio colectivo, saúde laboral, o compromiso de subrogación e anexos con documentación complementaria.

Plica núm. 2: Presentada por dona M^a Concepción Massa Gutiérrez del Álamo, con DNI núm. 36077905J, en representación da empresa Valoriza Servicios a la Dependencia, SL, con CIF núm. B85621159 e domicilio social en Madrid, no Paseo de la Castellana, 83-85; correo electrónico: licitaciones.syv@sacyr.com, que inclúe o Proxecto no que se detalla o proxecto descritivo do servizo, a relación de persoal, a metodoloxía de calidade, xestión e responsabilidade empresarial, subrogación do persoal, plan de formación e outros documentos de interés.

Plica núm. 3: Presentada por dona Sofia Currás Guerrero, con DNI núm. 30631664B, en representación da empresa Eulen Servicios Sociosanitarios, SA, con domicilio social en A Coruña, na estrada de Arteixo, 21; correo electrónico: scurras@eulen.com, que inclúe o Proxecto no que se detallan as referencias técnicas, recursos humanos, metodoloxía de calidade, xestión e responsabilidade social empresarial, compromiso de subrogación e plan de formación.

Plica núm. 4: Presentada por don José Vicente Ortega Rey, con DNI núm.12755002F, en representación da empresa Clece, SA, con CIF núm. A80364243 e domicilio social en Valladolid, na avenida del Euro, 7, baixo; correo electrónico: jvortega@clece.es, que inclúe o Proxecto no que se detalla o proxecto descritivo dos traballos, a relación de persoal, a metodoloxía de calidade, xestión e responsabilidade social corporativa, prazas en centros de día en caso de urxencia, compromiso de subrogación, plan de formación continuada, procedementos de mellora e excelencia e innovacións no servizo.

Unha vez abertos os devanditos sobres A) *Referencias técnicas* que conteñen a documentación para a valoración dos criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor previstos na



CONCELLO DE REDONDELA

cláusula 10ª do Pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen este procedemento, a Mesa acorda remitir a documentación aportada á traballadora social do Concello, dona Alejandra Fernández Conde, para que emita informe de valoración das ofertas segundo os devanditos criterios.

A Presidencia da por rematado o presente acto, sendo as catorce horas e doce minutos da data fixada no encabezamento, para constancia do tratado, redáctase a presente acta, que asino xunto co Presidente, de todo o que, como secretaria, dou fe.”

Unha vez emitido pola traballadora social do Concello, con data do 3 de setembro de 2014, o informe de valoración das ofertas, e ao xurdir dúbidas acerca da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional da empresa Servicios Sociales a Comunidade, SLU que por outra banda non alcanzaba segundo o devandito informe a puntuación mínima de 20 puntos na parte de Referencias técnicas, requeriuse á empresa para que en base ao disposto na cláusula 13 do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen á licitación, presentase a documentación esixida no apartado F) da cláusula 17.2 do devandito Prego.

Ao mesmo tempo solicitouse ás empresas Valoriza Servicios a la Dependencia, SL e Clece, SA aclaracións sobre ás prazas ofertadas en centros de día e o período temporal no que ofrecían esas prazas.

Unha vez emitido pola traballadora social do Concello o informe de valoración definitivo, tras as aclaracións realizadas polas empresas, e examinada a documentación presentada por Servicios Sociales a Comunidade, SLU pola secretaria xeral municipal que emitiu un informe ao respecto, o 11 de setembro de 2014 constituíuse de novo a Mesa de Contratación co resultado que se reflicte na acta da reunión que a continuación se transcribe:

“Constituída a Mesa, procédese ao exame do informe de valoración da documentación contida nos sobres A) *Referencias técnicas* cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor segundo os criterios de valoración previstos na cláusula 10ª do Pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen este procedemento, emitido pola traballadora social do Concello, dona Alejandra Fernández Conde, que transcrito di:

“**Asunto:** Proposicións presentadas para tomar parte no concurso para a contratación do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Redondela

Informe: O prego de cláusulas administrativas que rexen a citada contratación establece como criterios para a adxudicación non avaliábeis por cifras ou porcentaxes e dependentes dun xuízo de valor, os seguintes:

“CRITERIOS NON AVALIABLES POR CIFRAS OU PORCENTAXES

Mellor proxecto técnico da prestación do servizo, ata 40 puntos.

As ofertas que non superen os 20 puntos serán descartadas e non continuarán o proceso de licitación.

Efectuarase a valoración sobre os indicadores que se citan:

• Dotación e organización dos recursos humanos profesionais, así como a congruencia das funcións asinadas, apoios técnicos de equipo, cualificación idónea dos profesionais aportados, realización acreditada en programas similares, formación acreditada, categorías de contratación, xornada contratada, fidelización de contratos do persoal, todo isto referido tanto a persoal a subrogar como de nova incorporación, proporción de técnicos de servizos sociais por traballadoras auxiliares e usuarios.. Puntuación máxima do sub-apartado 8 puntos.

• Calidade do proxecto de prestación do servizo, xestión, organización e funcionamento do mesmo. Puntuación máxima do sub-apartado 8 puntos.



CONCELLO DE REDONDELA

- **Oferta de prazas urxentes en centros de día ou residencias sen custo para a administración e para o usuario. Puntuación máxima do sub-apartado 7 puntos.**
- **Plan de formación con indicación de horas anuais, contidos e temporalización. Puntuación máxima do sub-apartado 3 puntos.**
- **Organización, estrutura interna e medios en materia de prevención de riscos e saúde laboral, responsabilidade social e empresarial, aplicación de medidas de conciliación de vida familiar e laboral, medidas de promoción da igualdade, medidas de promoción da integración sociolaboral de persoas con diversidade funcional, medidas en materia de autoprotección e emerxencia e melloras laborais a maiores do convenio sectorial. Puntuación máxima do sub-apartado 8 puntos.**
- **Procedementos de mellora e de excelencia, acreditado con certificacións ISO, e FQM ou equivalentes, indicación a acreditación expresa do mesmo e/ou equivalencias acreditadas por E.C.A. (Entidades Acreditadoras da Administración). Puntuación máxima do sub-apartado 3 puntos.**
- **Innovacións no servizo, non referidas a medios materiais, e que supoñan unha mellora cualitativa na prestación medible con indicadores obxectivos e avaliábeis. Puntuación máxima do sub-apartado 3 puntos.**

A suma dos sub-apartados correspondentes non poderá superar os 40 puntos totais.”

VALORACIÓN:

Mellor proxecto técnico da prestación do servizo (ata 44 puntos)

Previamente á avaliación do sobre A e como xustificación da mesma efectúase un resumo da documentación técnica presentada polas distintas empresas, efectuando os comentarios ou valoracións das mesmas en relación cas cláusulas do Prego que rexe esta contratación.

SERVIZOS SOCIAIS A COMUNIDADE S.L

- Segundo índice, achega a seguinte documentación: proxecto técnico, relación persoal, metodoloxía calidade servizo, xestión e responsabilidade empresarial, formación, convenio colectivo, saúde laboral, compromiso subrogación e anexos.
- No Proxecto Técnico realizan unha presentación da empresa, obxectivos, atencións a desenvolver onde inclúen unha serie de atencións ou servizos de carácter complementario, destinatarios do servizo, avaliacións e seguimentos, horarios da prestación e método planificación (fases de desenvolvemento do SAF).
- Na relación de persoal describen a través dun cadro o persoal de nova incorporación encargado do SAF do Concello de Redondela, incluíndo cargo, titulacións, xornada, funcións e experiencia; sen mencionar ao persoal a subrogar.
- Como pilares da súa metodoloxía enumeran a xestión e calidade.
- A responsabilidade empresarial é avalada coa póliza de responsabilidade civil (Mapfre Industrial) e polo medio da empresa Previsonor.
- A experiencia baséase nos traballos realizados na Administración Local, na Administración Autonómica, no ámbito privado e con entidades privadas sen ánimo de lucro.
- Dispoñen de rexistro e da preceptiva autorización de inicio de actividades.
- Programa de formación; formación continua, cun convenio de colaboración asinado coa Universidade da Coruña e coa entidade de formación Aulatel de Vigo e Psicoeduca S.L de A Coruña. Certificado de profesionalidade. Fan entrega do R.R.I.



CONCELLO DE REDONDELA

- In-aplicación do II Convenio Colectivo de Axuda a Domicilio de Galicia, de febreiro de 2010 e dilixenciado na Xunta de Galicia.
- Saúde Laboral: metodoloxía-evaluación.
- Compromiso de subrogación, de todos os empregados/as actuais do SAF do Concello de Redondela.
- Documentación, anexos.

Conclusións: Non se menciona a proporción de técnicos de SS.SS por traballadoras, auxiliares e usuarios. Escasa mención aos apoios técnicos de equipo. Non presentan oferta de prazas urxentes en centros de día ou residencias. O plan de formación presentado resulta insuficiente. Non contemplan a aplicación de medidas de conciliación da vida familiar e laboral, de promoción da igualdade e de promoción da integración sociolaboral de persoas con diversidade funcional. Non mencionan procedementos de mellora e excelencia. In-aplicación do II Convenio Colectivo. Escasa mención ás innovacións no servizo.

Valoración: 17,5 puntos. Ao non superar a oferta os 20 puntos, Servizos Sociais a Comunidade S.L queda descartada e non continuará o proceso de licitación.

EMPRESAS PRESTADORAS SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR		SSAC S.L
INDICADORES		
Dotación e organización dos recursos humanos profesionais 8 puntos	Congruencia das funcións asinadas (1 punto)	1
	Apoios técnicos de equipo (1 punto)	0
	Cualificación idónea dos profesionais aportados (1 punto)	1
	Realización acreditada en programas similares (1 punto)	1
	Formación acreditada (1 punto)	1
	Categorías de contratación e xornada contratada (1 punto)	0,5
	Fidelización de contratos do persoal (1 punto)	1
	Proporción de técnicos de ss.ss por traballadoras e usuarios (1 punto)	0
Calidade do proxecto 8 puntos	Xestión (2,68 puntos)	2
	Organización (2,66 puntos)	2
	Funcionamento (2,66 puntos)	2
Oferta prazas urxentes en C.Día ou Residencias 7 puntos	C.Día (3,5 puntos)	0
	Residencia (3,5 puntos)	0
Plan de formación con indicación de horas anuais 3 puntos	Contidos (1,5 punto)	0,50
	Temporalización (1,5 punto)	0,50
Organización, estrutura interna, medios 8 puntos	Prevención de riscos e saúde laboral (1 punto)	1
	Responsabilidade social e empresarial (1 punto)	1
	Aplicación de medidas de conciliación de vida familiar e laboral (1 punto)	0
	Medidas de promoción da igualdade (1 punto)	0



CONCELLO DE REDONDELA

	Medidas de promoción da integración sociolaboral de persoas con diversidade funcional (1 punto)	0
	Medidas en materia de autoprotección e emerxencia (1 punto)	1
	Melloras laborais a maiores do convenio sectorial (2puntos)	0
Procedementos de mellora e de excelencia 3 puntos	Certificación ISO ou equivalente Certificación FQM ou equivalente Acreditación ou equivalencias por E.C.A	0
Innovacións no servizo 3 puntos	Medios NON materiais Mellora cualitativa na prestación medible con indicadores obxectivos e avaliábles.	2
PUNTUACIÓN TOTAL		17,5

CLECE S.A

- Segundo índice, achega a seguinte documentación: proxecto descritivo dos traballos, relación de persoal, metodoloxía de calidade, xestión e responsabilidade social corporativa, prazas en centros de día en caso de urxencia, compromiso de subrogación, plan de formación continuada, procedementos de mellora e excelencia e innovacións no servizo.
- Proxecto descritivo dos traballos: organización, xestión e metodoloxía para a xestión do servizo (recepción de solicitude de servizo e arquivo, asignación de auxiliar SAF, presentación do auxiliar/visita inicial, realización das tarefas, seguemento do servizo, comunicación de incidencias, protección de datos persoais, vixilancia da saúde, comunicación co Concello). Programa informático (GESAD). Sistemas de coordinación (coordinación empresa-concello, coordinación empresa-técnicos municipais de servizos sociais, coordinación con auxiliares SAF, coordinación empresa-usuarios). Sistemas de avaliación e mellora da calidade.
- Relación de persoal, a empresa aportará: un xerente do Departamento de Servizos Sociais, un Xefe de Servizo-Responsable de Coordinación, un Coordinador de Servizo. Manifestan asumir o compromiso de dar cumprimento aos ratios de persoal esixidos polo Concello e o establecido na Orde do SAF. Persoal adicional. Persoal de estrutura a disposición da xestión indirecta do servizo (Departamento xurídico e de persoal, Departamento de Administración, Departamento de Prevención de Riscos, Departamento de Calidade, Departamento de Formación, Departamentos especializados). Equipo de Dirección e Xestión do servizo (Xerente de Servizos Sociais, Directora Técnica, Responsable do Servizo, Xefe de Servizo). Equipo de atención directa (Coordinadora do SAF Municipal, equipo de auxiliares de axuda no fogar). Cualidades humanas e profesionais básicas. Código de boas prácticas para a auxiliar do SAF. Organigrama.
- Metodoloxía de Calidade, Xestión e Responsabilidade Social Empresarial: Medidas de mellora na calidade do emprego, actuacións no marco da RSC (en 2011, a empresa foi certificada pola Xunta como unha das empresas integrantes da Rede de entidades colaboradoras do II PGIS), Plan de Igualdade, capacidade financeira da empresa, política de selección de persoal, estabilidade do equipo, proceso de acollida, formación e prácticas de novas traballadoras, medidas de inserción laboral en persoas con risco de exclusión social, saúde laboral, xestión da prevención de riscos laborais. Melloras laborais a maiores do Convenio Sectorial (separación e divorcio, casos de violencia de xénero, excedencias, protección á maternidade, lactancia, flexibilidade horaria, permisos especiais non retribuídos, redución de xornada retribuída). Medidas orientadas ás melloras das condicións laborais (retribución salarial, documentación, roupa de traballo, formación, prevención de riscos laborais).
- Prazas urxentes en Centros de Día ou Residencias: ofertan 4 meses ao ano, unicamente en prazas en Centros de Día, 4 prazas en C. Día polo prazo dun mes ao ano, mentres non se dispón doutro recurso para o usuario.



CONCELLO DE REDONDELA

- Plan de Igualdade: introdución, diagnóstico (maior contratación de mulleres que de homes, diferenciando por áreas de negocio, menos na área de mantemento), obxectivos, medidas e propostas de igualdade, avaliación e seguemento das accións, ámbito persoal e cláusula final (establécese unha duración de dous anos). O Plan de Igualdade Grupo Clece presentado é asinado en Madrid o 16 de xullo de 2009.

- Compromiso de subrogación: comprométese a subrogar os contratos laborais do persoal adscrito ao servizo.

- Plan de Formación Continuada: compromiso en relación co plan de formación do persoal ofertando 20 horas de formación anual a cada un dos traballadores adscritos ao servizo. Proceso de formación. Tipos de formación, inicial (proceso de acollida) e continua (maior calidade asistencial). Obtención do Título ou Certificado de Profesionalidade para a atención sociosanitaria a persoas no domicilio. Modalidades de impartición e material: modalidade presencial, semipresencial, a distancia e teleformación. Medios técnicos, material didáctico. Formadores (profesionais de Clece ou a través de convenios con formadores externos), seguemento e avaliación da eficacia. Proposta de actividades formativas (programación de cursos para o persoal de atención directa e para o persoal técnico/coordinador, establecendo duración, obxectivos e contidos e os cronogramas de execución).

- Procedementos de mellora e excelencia: Proposta de Avaliación Continua da prestación do servizo (cronograma), política de xestión integrada, Proceso de Xestión de Servizos de Axuda no Fogar (PRE-08.04), protocolos de actuación do SAF, Manual de Boas Prácticas Ambientais SAF (MBP 12/02). Proposta de indicadores, instrumentos e fases da avaliación continua con cronograma (propoñen indicadores de calidade basados na Norma UNE 158301:2007, cadro de indicadores e instrumentos). Metodoloxía da enquisa (Proceso Control da Satisfacción do Cliente-PRG-18). Auditorías internas. Memoria anual. Certificado Global de Xestión de Calidade ISO 9001:2008, 14001:2004, UNE 158101:2008, 158201:2008, 158301:2008 (Bureau Veritas). Certificado de Prevención de Riscos Laborais (Audelco, Auditoría de Riscos Laborais conforme aos requisitos establecidos no estándar OHSAS 18001:2007). Certificado SA 8000:2008 (SGS Italia). Certificado de Rexistro Sistema de Xestión da Enerxía-ISO 50001:2011 (BSI). Diploma Implantación dun Sistema de Protección de Datos Persoais (Helas Consultores).

- Innovacións no servizo: Avaliación de casos (visitas domiciliarias). Programa “Clece co envellecemento activo”, proposta de actividades (unha visita guiada dentro da localidade, unha comida en grupo, proxeccións audiovisuais, celebración do nadal e encontro/convivencia). Servizo de Información e Asesoramento a usuarios e familiares. Medidas para evitar a rotación do persoal. Traballadores con convenio de inserción. Implantación/colaboración con programas de voluntariado social.

Conclusións: Valórase a amplitude do proxecto presentado, especialmente os apartados de innovacións e melloras laborais. Non presentan oferta de prazas urxentes en residencias (únicamente ofertan 4 prazas en C. Día polo prazo dun mes). No indicador “dotación e organización dos recursos humanos profesionais” debería terse completado a información sobre a xornada contratada nas categorías dos distintos profesionais e reflexado máis amplamente a proporción de técnicos de Servizos Sociais por usuarios. O Plan de Igualdade presentado foi asinado o 16 de xullo de 2009 e segundo o disposto na súa Cláusula Final terá unha duración de dous anos; da documentación presentada non se deduce que actualmente dipoñan dun novo Plan en vigor.

Valoración: 34,1 puntos.

EMPRESAS PRESTADORAS SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR	CLECE
---	-------



CONCELLO DE REDONDELA

INDICADORES		
Dotación e organización dos recursos humanos profesionais 8 puntos	Congruencia das funcións asinadas (1 punto)	1
	Apoios técnicos de equipo (1 punto)	1
	Cualificación idónea dos profesionais aportados (1 punto)	1
	Realización acreditada en programas similares (1 punto)	1
	Formación acreditada (1 punto)	1
	Categorías de contratación e xornada contratada (1 punto)	0,5
	Fidelización de contratos do persoal (1 punto)	1
	Proporción de técnicos de ss.ss por traballadoras e usuarios (1 punto)	0,8
Calidade do proxecto 8 puntos	Xestión (2,68 puntos)	2,68
	Organización (2,66 puntos)	2,66
	Funcionamento (2,66 puntos)	2,66
Oferta prazas urxentes en C.Día ou Residencias 7 puntos	C.Día (3,5 puntos)	3
	Residencia (3,5 puntos)	0
Plan de formación con indicación de horas anuais 3 puntos	Contidos (1,5 punto)	1,5
	Temporalización (1,5 punto)	1,5
Organización, estrutura interna, medios 8 puntos	Prevenção de riscos e saúde laboral (1 punto)	1
	Responsabilidade social e empresarial (1 punto)	1
	Aplicación de medidas de conciliación de vida familiar e laboral (1 punto)	1
	Medidas de promoción da igualdade (1 punto)	0,8
	Medidas de promoción da integración sociolaboral de persoas con diversidade funcional (1 punto)	1
	Medidas en materia de autoprotección e emerxencia (1 punto)	1
	Melloras laborais a maiores do convenio sectorial (2puntos)	2
Procedementos de mellora e de excelencia 3 puntos	Certificación ISO ou equivalente Certificación FQM ou equivalente Acreditación ou equivalencias por E.C.A	2
Innovacións no servizo 3 puntos	Medios NON materiais Mellora cualitativa na prestación medible con indicadores obxectivos e avaliábeis.	3
PUNTUACIÓN TOTAL		34,1

EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A

- Segundo índice, achega a seguinte documentación: referencias técnicas, recursos humanos, metodoloxía de calidade, xestión e responsabilidade social empresarial, compromiso de subrogación e plan de formación.

- Nas referencias técnicas resumen a organización e xestión do servizo estruturándoa en: posta en marcha, inicio do servizo, asignación do auxiliar e organización de cadrantes, comunicación



CONCELLO DE REDONDEIRA

e primeira visita, fase inicial de adaptación ao servizo, procedementos ante incidencias, coordinación interna e externa.

- Recursos humanos: II Convenio Colectivo para a actividade de axuda a domicilio na Comunidade Autónoma de Galicia. Postos adscritos e funcións, ratios profesionais técnicos e de administración segundo a Orde de 22 de xaneiro de 2009. Programa de estabilidade en contratación de plantilla e medidas contra a rotación de persoal. Breve organigrama. Estructura do departamento xestor, Recursos Humanos, Relacións Laborais, Prevención de Riscos Laborais, Administración de persoal, etc.

- Metodoloxía de calidade, xestión e responsabilidade social empresarial. Sistema de Calidade: normas xerais do servizo, modelo ISO 9001:2008, ISO 14001 (Medioambiental), ISO 27001:2005 (Seguridad de la Información). Normas específicas, sistema normativo e modelo EFQM de Excelencia. Sistema de calidade específico. Xestión da calidade no SAF: estratexia e misión, modelo e regulación, procesos e prestación do servizo, resultados clave e mellora continua. Indicadores de calidade. Sistema de comunicación e participación. Queixas, reclamacións e felicitacións. Subcomité técnico. Grupos de mellora. Responsabilidade social corporativa (medidas de acción social, proxectos de desenvolvemento socioeconómico que apoian a colectivos desfavorecidos, responsabilidade social en medio ambiente e medidas de apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero).

- Compromiso de subrogación ao persoal existente na empresa adxudicataria actual e a novas contratacións se se producen.

- Presentan un Plan de Formación Anual. Formación inicial e plan de formación continua no SAF, nº de horas e dirixido a auxiliares e ao equipo de coordinación. Certificado de profesionalidade. Formación común para todo o equipo do SAF (formación on-line). Formación para persoal alleo á empresa.

Conclusións: Non se mencionan as categorías de contratación e xornada contratada. Non presentan oferta de prazas urxentes en centros de día ou residencias. No Plan de Formación non se desenvolve a relación de cursos de formación (obxectivo xeral, obxectivos específicos, duración, contidos, etc.). Non contemplan a aplicación de medidas de conciliación da vida familiar e laboral. Escasa mención ás innovacións no servizo e ás medidas de promoción de igualdade.

Valoración: 25,54 puntos.

EMPRESAS PRESTADORAS SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR		GRUPO EULEN
INDICADORES		
Dotación e organización dos recursos humanos profesionais 8 puntos	Congruencia das funcións asinadas (1 punto)	1
	Apoios técnicos de equipo (1 punto)	1
	Cualificación idónea dos profesionais aportados (1 punto)	1
	Realización acreditada en programas similares (1 punto)	0,5
	Formación acreditada (1 punto)	1
	Categorías de contratación e xornada contratada (1 punto)	0
	Fidelización de contratos do persoal (1 punto)	1
	Proporción de técnicos de ss.ss por traballadoras e usuarios (1 punto)	1



CONCELLO DE REDONDELA

Calidade do proxecto 8 puntos	Xestión (2,68 puntos)	2,68
	Organización (2,66 puntos)	2
	Funcionamento (2,66 puntos)	2,66
Oferta prazas urxentes en C.Día ou Residencias 7 puntos	C.Día (3,5 puntos)	0
	Residencia (3,5 puntos)	0
Plan de formación con indicación de horas anuais 3 puntos	Contidos (1,5 punto)	1,2
	Temporalización (1,5 punto)	1,2
Organización, estrutura interna, medios 8 puntos	Prevenção de riscos e saúde laboral (1 punto)	1
	Responsabilidade social e empresarial (1 punto)	1
	Aplicación de medidas de conciliación de vida familiar e laboral (1 punto)	0
	Medidas de promoción da igualdade (1 punto)	0,5
	Medidas de promoción da integración sociolaboral de persoas con diversidade funcional (1 punto)	0,8
	Medidas en materia de autoprotección e emerxencia (1 punto)	1
	Melloras laborais a maiores do convenio sectorial (2puntos)	1
Procedementos de mellora e de excelencia 3 puntos	Certificación ISO ou equivalente Certificación FQM ou equivalente Acreditación ou equivalencias por E.C.A	2
Innovacións no servizo 3 puntos	Medios NON materiais Mellora cualitativa na prestación medible con indicadores obxectivos e avaliábeis.	2
PUNTUACIÓN TOTAL		25,54

VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA

- Segundo índice, achega a seguinte documentación: proxecto descritivo do servizo, relación de persoal, metodoloxía de calidade, xestión e responsabilidade social empresarial, subrogación de persoal, plan de formación e documentos de interese.

- Proxecto descritivo dos traballos e método organizativo do SAF. Organización de recursos humanos. Proxecto de prestación do servizo, xestión, organización e funcionamento (metodoloxía baseada nunha xestión por procesos e protocolos de actuación-Plan Xeral de Intervención). Oferta de prazas urxentes en centros de día ou residencias. Plan de Formación. Organización, estrutura interna e medio en materia de P.R.L e R.S.F. Procedementos de mellora e excelencia. Innovacións no servizo.

- Innovacións metodolóxicas: apoio do equipo interdisciplinar, comisión de seguemento de casos especiais, equipo de apoio en prevención de riscos psicosociais e programa de coordinación socio-sanitaria.

- Prazas urxentes en Centros de Día ou Residencias: Comprométense a ofrecer 6 meses ao ano en centros de atención a persoas maiores, tanto en Centro de Día como en Residencia, plantexando as seguintes dúas opcións de prazas de emerxencia: 1 praza nun centro de atención a maiores (C.Día ou Residencia) durante un periodo de 6 meses e 6 prazas nun centro de atención a maiores (C.Día ou Residencia) durante un periodo de 1 mes.



CONCELLO DE REDONDEIRA

- Innovacións no servizo: asignación dun teléfono móbil ás coordinadoras, cascos de telefonía, divulgación do servizo, non rotación das auxiliares, especialización do equipo de atención, teléfono nº900 de atención gratuíta aos usuarios, felicitacións, guía de teléfonos de interese e emerxencia, manual de dereitos e deberes a usuarios, estabilidade no emprego e fomento do emprego local e zonificación/criterio de proximidade.
- Relación de persoal, interdisciplinabilidade. Organigrama. Departamentos de soporte: Financeiro, Recursos Humanos, Informática, Prevención de Riscos Laborais, Calidade. Perfil dos profesionais e funcións (directora de proximidade, xerente do SAF, coordinador/a do SAF e auxiliar). Establecen ratio de profesionais segundo a Orde de 22 de xaneiro de 2009. Auxiliar de axuda no fogar: titulación, funcións, capacidades e tarefas.
- Metodoloxía de calidade, xestión e responsabilidade social empresarial: Plan de Calidade e Responsabilidade Social Empresarial.
- Plan de Calidade: control diario do SAF, protocolos de actuación (xestión por procesos e protocolos de actuación: protocolos de xestión, de atención psicosocial e de atención persoal), control e avaliación do traballo das auxiliares, xestión de suxerencias, queixas e reclamacións, enquisas de satisfacción dirixidas aos beneficiarios, avaliación da calidade do servizo mediante visitas de seguimento, enquisas de satisfacción dirixidas aos técnicos da administración, outros mecanismos de control, supervisión e avaliación da xestión do SAF.
- Dispón dun Departamento específico de Calidade, seguen o sistema de aseguramento de calidade baseado en procesos, segundo as normas ISO 9001:2000 e ISO 9004:2000, rexistrado por AENOR (ER-2101/2004).
- Responsabilidade Social Empresarial. Valoriza, empresa do Grupo Sacyr Vallehermoso. Participa en: acción social (doazóns e proxectos de contido social), compromiso coa calidade, investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) e medio ambiente. Responsabilidade empresarial respecto ao convenio en materia de formación, saúde laboral e conciliación da vida familiar e laboral. Código ético da empresa. Código deontolóxico do Grupo Sacyr Vallehermoso.
- Aplicación do II Convenio Colectivo para a actividade do servizo de axuda a domicilio na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Compromiso subrogación de persoal e novas contratacións. Compromiso de subrogar ao 100% da plantilla coas mesmas condicións de traballo e a novas contratacións axustando o persoal ás necesidades existentes.
- No Plan de Formación Continuada ofrecen unha media anual de 40 horas de formación para o persoal do SAF. Valoración das novas necesidades de formación. Modalidade mixta, formación presencial e formación a distancia. Recursos humanos e materiais. Instalacións. Avaliación (inicial, continua e final). Relación de cursos de formación impartidos pola empresa concretando destinatarios, obxectivo xeral, obxectivos específicos, duración, metodoloxía e contidos. Cronograma da formación anual.
- Procedementos de mellora e excelencia: Certificado AENOR de SAF, Certificado do Sistema de Xestión Ambiental (AENOR), Certificación ISO 14001:2004 (IQNet e AENOR), Certificado do Sistema de Xestión da Calidade (AENOR), certificación ISO 9001:2008 (IQNet e AENOR), Certificación do Sistema de Xestión de Seguridade e Saúde no traballo (Cerne Auditores, conforme coa norma OHSAS 18001:2007), Licenza de Uso da Marca de Garantía Madrid Excellence pola súa xestión empresarial. Igualdade de oportunidades e non discriminación (mencionan o seu Plan de Igualdade de Oportunidades; políticas activas de emprego con especial atención a colectivos desfavorecidos), Grupo SyV asinou convenio específico de colaboración co Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais para favorecer a contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero.



CONCELLO DE REDONDELA

Conclusións: Nas categorías de contratación dos distintos profesionais debería terse completado a información sobre a xornada contratada. En relación coa Igualdade de Oportunidades presentan parte do Informe Anual de Responsabilidade Corporativa do ano 2007, descoñecendo se dispoñen de accións máis recentes. Proxecto completo e máis adaptado ao prego que rexe a contratación e ao Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Redondela. Considérase o mellor proxecto técnico.

Valoración: 38,3 puntos.

EMPRESAS PRESTADORAS SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR		VALORIZA
INDICADORES		
Dotación e organización dos recursos humanos profesionais 8 puntos	Congruencia das funcións asinadas (1 punto)	1
	Apoios técnicos de equipo (1 punto)	1
	Cualificación idónea dos profesionais aportados (1 punto)	1
	Realización acreditada en programas similares (1 punto)	1
	Formación acreditada (1 punto)	1
	Categorías de contratación e xornada contratada (1 punto)	0,5
	Fidelización de contratos do persoal (1 punto)	1
	Proporción de técnicos de ss.ss por traballadoras e usuarios (1 punto)	1
Calidade do proxecto 8 puntos	Xestión (2,68 puntos)	2,68
	Organización (2,66 puntos)	2,66
	Funcionamento (2,66 puntos)	2,66
Oferta prazas urxentes en C.Día ou Residencias 7 puntos	C.Día (3,5 puntos)	3,5
	Residencia (3,5 puntos)	3,5
Plan de formación con indicación de horas anuais 3 puntos	Contidos (1,5 punto)	1,5
	Temporalización (1,5 punto)	1,5
Organización, estrutura interna, medios 8 puntos	Prevención de riscos e saúde laboral (1 punto)	1
	Responsabilidade social e empresarial (1 punto)	1
	Aplicación de medidas de conciliación de vida familiar e laboral (1 punto)	1
	Medidas de promoción da igualdade (1 punto)	0,8
	Medidas de promoción da integración sociolaboral de persoas con diversidade funcional (1 punto)	1
	Medidas en materia de autoprotección e emerxencia (1 punto)	1
Procedementos de mellora e de excelencia 3 puntos	Melloras laborais a maiores do convenio sectorial (2puntos)	2
	Certificación ISO ou equivalente Certificación FQM ou equivalente Acreditación ou equivalencias por E.C.A	2



CONCELLO DE REDONDEIRA

Innovacións no servizo 3 puntos	Medios NON materiais Mellora cualitativa na prestación medible con indicadores obxectivos e avaliábeis.	3
Puntuación Total		38,3

MELLOR PROXECTO TÉCNICO DA PRESTACIÓN DO SAF (MÁXIMO 40 PUNTOS)					
EMPRESAS PRESTADORAS DO SAF	DO	SSAC S.L	CLECE	EULEN	VALORIZA
Puntuación Total		17,5	34,1	25,54	38,3

A continuación a secretaria xeral do Concello explica, en relación a documentación presentada por Servizos Sociais a Comunidade, SL (SSAC, SL), que ademais de non acadar a puntuación mínima de 20 puntos na parte de referencias técnicas, se deducía que podía incorrer nun suposto de falta de solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, polo que se lle requeriu, en base ao disposto na cláusula 13 do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen á licitación, para que presentase a documentación esixida no apartado F) da cláusula 17.2 do devandito Prego e que unha vez presentada foi examinada pola propia secretaria xeral que emitiu o informe que se transcribe a continuación:

“ASUNTO. EXCLUSION DUNHA DAS EMPRESAS LICITADORAS DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN FASE DE LICITACIÓN

Emítase o presente a requerimento do Alcalde e en cumprimento do establecido no artigo 3.a) do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional en relación á posibilidade de que unha das empresas licitadoras resulte excluída do procedemento por aplicación do previsto no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe dita contratación.

I. Antecedentes

- ❖ Atopándose en fase de tramitación o procedemento indicado e unha vez realizada mediante o oportuno informe técnico a avaliación dos criterios dependentes dun xuízo de valor de acordo co disposto na cláusula 10ª do PCAP, resulta que unha das entidades licitadoras presentadas, SERVICIOS SOCIAIS A COMUNIDADE (SSAC) S.L. non acada o mínimo de 20 puntos e, por outra banda, da consideración da documentación presentada para acreditar ditos criterios dedúcese que podería incorrer nun suposto de falta de solvencia económica financeira e técnica.
- ❖ É polo que antecede que pola Alcaldía procedeuse a requerir á citada empresa para que acreditara dita solvencia consonte co previsto nas cláusulas 13ª e 17ª f) do PCAP. Cumprimentado este extremo pola citada empresa, emítase o presente informe aos efectos de avalía-la procedencia de que por parte da Mesa de contratación se resolva excluir á mesma do procedemento non procedendo á apertura do sobre B) Oferta económica.

II. Lexislación aplicable

1. Real Decreto Legislativo 3/2011 polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLC).
2. Real Decreto 1098/01, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da LCAP (RC)

III. Consideracións xurídicas



CONCELLO DE REDONDELA

1) O PCAP, aprobado polo pleno do Concello o 27.03.2014 dispón o seguinte:

Cláusula 10ª: CRITERIOS NON AVALIABLES POR CIFRAS OU PORCENTAXES Mellor proxecto técnico da prestación do servizo, ata 40 puntos. As ofertas que non superen os 20 puntos serán descartadas e non continuarán o proceso de licitación.

2) Resulta claro que por aplicación do previsto na devandita cláusula 10ª e á vista do informe da traballadora social do Concello do 03.09.2014, dita empresa acadou unha puntuación de 17,50 puntos, razón pola cal debe ser descartada, sen que continue no proceso de licitación. A tales efectos, a mesa de contratación deberá tomar conta desta circunstancia e resolver en consecuencia se ben ao atoparse nun dos supostos previstos no artigo 40 2 b) do TRLCSP o acordo que ao respecto se adopte será susceptible de recurso especial en materia de contratación.

3) Aparte do que antecede e en canto a concorrência doutra circunstancia excluínte do procedemento, aparte da indicada, con respecto á solvencia económico financeira e técnica, e unha vez examinada a documentación aportada pola empresa resulta o seguinte:

A cláusula 13ª do PCAP indica que *O Concello resérvase a facultade de comprobar en calquera momento a veracidade da documentación presentada, ben antes da adxudicación do contrato, ou ben durante a súa vixencia, podendo realizar tal comprobación por si mesma, ou mediante petición ao licitador ou adxudicatario de documentación ou informes complementarios.* A tal efecto resulta legal e oportuno o requerimento para aportar documentación xa que o da solvencia é un requisito determinante da aptitude do licitador para participar no procedemento e, efectivamente, á vista da documentación aportada pola empresa podía sospeitarse que carece da esixida a pesares do declarado pola mesma na Declaración responsable presentada na que consta que *cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar co Concello de Redondela e coas condicións establecidas no prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación do servizo de AXUDA NO FOGAR.*

A solvencia establécese no PCAP nos seguintes terminos:

Cláusula 4ª: Ademais dos requisitos apuntados, os licitadores deberán acreditar a súa solvencia, a través, dos medios especificados na cláusula 17ª deste prego. A vista de dita cláusula non poden considerarse dabondo acreditadas nin a solvencia económica financeira nin a técnica, do xeito requerido no PCAP, nos seguintes extremos:

a) **Económica financeira**

Non se acredita que o patrimonio neto da empresa represente cando menos un 25% do importe do contrato.

A declaración sobre o volume global de negocios non acredita que nos últimos tres anos a declaración de menor importe nos 3 últimos anos é superior ó dobre do prezo do contrato, ou, de tratarse de plurianuais, da anualidade máxima do mesmo.

b) **Técnica**

Non se acreditan traballos semellantes realizados no curso dos últimos tres anos, acreditados mediante certificado do destinatario entre os que debe haber tres ou máis de contía igual ou superior a deste contrato.

IV. Conclusiones



CONCELLO DE REDONDELA

A vista do que antecede, cómpre concluir que polas razóns expostas procede a exclusión da empresa SSAC SL do procedemento indicado sen que por mor do previsto no artigo 83 do RC proceda a apertura do sobre B que contén a oferta relativa aos criterios avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes.”

Á vista do anterior, a Mesa de Contratación, acorda, por unanimidade dos seus membros, excluír a empresa Servizos Sociais a Comunidade, SL (SSAC, SL) do procedemento de contratación pola razóns expostas nos informes da traballadora social e da secretaria xeral do Concello e polo tanto non abrir a Sobre B) presentado por esta empresa, o que se lle deberá notificar con recurso.

De seguido, procédese, en acto público ao que asiste un representante da empresa Clece,SA, á apertura dos Sobres B) *Oferta económica* co resultado que se reflicte a continuación:

Plica núm. 2: Presentada por **Valoriza Servicios a la Dependencia, SL** que ofrece os seguintes prezos unitarios:

SAF Dependencia

- A) Prezo, sen IVE: 13,71 euros.
- B) Imposto sobre o valor engadido (IVE): 0,54 euros.
- C) TOTAL (A + B): 14,25 euros por hora ordinaria.

SAF libre concorrencia

- A) Prezo sen IVE: 13,41 euros.
- B) Imposto sobre o valor engadido (IVE): 1,34 euros
- C) TOTAL (A + B): 14,75 euros por hora ordinaria.

Así mesmo ofrece as seguintes melloras gratuitas de entre as previstas na cláusula 11ª.2 do Prego que rexe a contratación:

Axuda técnica	Unidades ofertadas por anualidade
Grúa de mobilización	10
Cama articulada mecánica incluído colchón antiescaras	10
Cama articulada eléctrica incluído colchón antiescaras	10
Cadeira de baño xiratoria	20
Cadeira de rodas ou sillón xeriatrico	20
Muletas, bitutores, asideiras, andadores, adaptadores de cadeira, mesa e outros similares, etc	40

Atencións profesionais	Unidades ofertadas por anualidade
Limpezas extraordinarias	200
Atencións podolóxicas, de fisioterapia, terapia ocupacional	250
Atención psicolóxica e de educación social	200
Outras atencións profesionais a especificar de titulados medios ou	75



CONCELLO DE REDONDELA

superiores Superiores	
Outras atencións non incluídas nos apartado anteriores a especificar (perruquería, acompañamentos etc)	75
Atencións e traballos profesionais do servizo SAF de urxencias – 24 horas para atencións extraordinarias	500

Plica núm. 3: Presentada por Eulen Servicios Sociosanitarios, SA que ofrece os seguintes prezos unitarios:

SAF Dependencia

- A) Prezo, sen IVE: 13,93 euros.
- B) Imposto sobre o valor engadido (IVE): 0,56 euros.
- C) TOTAL (A + B): 14,49 euros por hora ordinaria.

SAF libre concorrencia

- A) Prezo sen IVE: 13,40 euros.
- B) Imposto sobre o valor engadido (IVE): 0,54 euros
- C) TOTAL (A + B): 13,94 euros por hora ordinaria.

Non ofrece ningunha mellora gratuita das previstas na cláusula 11ª.2 do Prego que rexe a contratación:

Plica núm. 4: Presentada Clece, SA que ofrece os seguintes prezos unitarios:

SAF Dependencia

- A) Prezo, sen IVE: 13,27 euros.
- B) Imposto sobre o valor engadido (IVE): 0,53 euros.
- C) TOTAL (A + B): 13,80 euros por hora ordinaria.

SAF libre concorrencia

- A) Prezo sen IVE: 13,27 euros.
- B) Imposto sobre o valor engadido (IVE): 1,33 euros
- C) TOTAL (A + B): 14,60 euros por hora ordinaria.

Así mesmo ofrece as seguintes melloras gratuitas de entre as previstas na cláusula 11ª.2 do Prego que rexe a presente contratación:

Axuda técnica	Unidades ofertadas por anualidade
Grúa de mobilización	10
Cama articulada mecánica incluído colchón antiescaras	10
Cama articulada eléctrica incluído colchón antiescaras	10
Cadeira de baño xiratoria	20
Cadeira de rodas ou sillón xeriatrico	20
Muletas, bitutores, asideiras, andadores, adaptadores de cadeira, mesa e outros similares, etc	40



CONCELLO DE REDONDELA

Atencións profesionais	Unidades ofertadas por anualidade
Limpezas extraordinarias	200
Atencións podolóxicas, de fisioterapia, terapia ocupacional	250
Atención psicolóxica e de educación social	200
Outras atencións profesionais a especificar de titulados medios ou superiores Superiores	75
Outras atencións non incluídas nos apartado anteriores a especificar (perruquería, acompañamentos etc)	75
Atencións e traballos profesionais do servizo SAF de urxencias – 24 horas para atencións extraordinarias	500

Finalmente a Mesa acorda, por unanimidade dos seus membros, remitir as ofertas presentadas polos tres licitadores admitidos ao interventor municipal para que emita informe de valoración segundo os criterios establecidos na cláusula 10ª do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a presente contratación.

A Presidencia da por rematado o presente acto, sendo as catorce horas e dezaseis minutos da data fixada no encabezamento, para constancia do tratado, redáctase a presente acta, que asino xunto co Presidente, de todo o que, como secretaria, dou fe.”

Segundo o acordado pola Mesa de Contratación con data do 12 de setembro de 2014 notificouse á empresa Servicios Sociais a Comunidade, SLU o acordo de exclusión da licitación.

Emitido polo interventor municipal con data do 12 de setembro de 2014 o informe de valoración da oferta económica e no que ademais se establecen as puntuacións definitivas, a Mesa de Contratación reuniuse o día 17 de setembro de 2014 co resultado que se recolle na acta que se transcribe a continuación:

“Constituída a Mesa, procédese ao exame do informe de valoración, emitido polo interventor municipal, segundo os criterios establecidos na cláusula 10ª do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a presente contratación e no que se establecen ademais as puntuacións finais obtidas polas empresas, que transcrito di:

“Asunto: Valoración ofertas do contrato do servizo de axuda no fogar do Concello.

a) Antecedentes:

- **Expediente administrativo.**
- **Acta da mesa de contratación de data 7 de maio.**
- **Informe da traballadora social de data 5 de setembro de 2014.**
- **Acta da mesa de contratación de data 11 de setembro.**

b) Lexislación aplicable:

- **Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.**



CONCELLO DE REDONDELA

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título VI da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.
- Bases de Execución do Orzamento do Excmo. Concello de Redondela para o ano 2014.

c) Consideracións:

Primeira: con data 11 de setembro decidiuse pola mesa de contratación que:

“...a Mesa acorda, por unanimidade dos seus membros, remitir as ofertas presentadas polos tres licitadores admitidos ao interventor municipal para que emita informe de valoración segundo os criterios establecidos na cláusula 10ª do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a presente contratación.”

O apartado dos criterios cuantificables mediante cifras ou porcentaxes recolle o seguinte:

“CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES

- **1.- Mellor oferta económica: ata 40 puntos**

Esta oferta valorarase de acordo coa proporcionalidade aritmética das mesmas. Así o licitador presentará oferta polo prezo hora para o SAF dependencia e outra oferta polo SAF de libre concorrencia, valorándose segundo as seguintes fórmulas:

$$\text{SAF dependencia: } P = 30 \times \frac{\% \text{ Baixa ofertada polo licitador}}{\% \text{ Maior baixa ofertada}}$$

$$\text{SAF libre concorrencia: } P = 10 \times \frac{\% \text{ Baixa ofertada polo licitador}}{\% \text{ Maior baixa ofertada}}$$

$$\text{Puntuación total} = \text{SAF dependencia} + \text{SAF libre concorrencia}$$

- **2.- Melloras gratuítas no servizo: Ata 20 ptos**

Valoráranse coma melloras económicas distintas da anterior, as que se comprendan nos ámbitos que se definen, e cos indicadores referidos. As melloras só serán valoradas se conteñen ofertas en todos os conceptos e celdiñas relacionadas nos cadros. No caso contrario non se considerarán:

Axudas técnicas, con indicación da intensidade de uso que se indica no cadro seguinte, sen custo para o Concello nin para a persoa usuaria, e incluírá o transporte a domicilio, montaxe e desmontaxe, mantemento e transporte de retorno: Puntuación parcial deste sub-apartado, 6 puntos.

<i>Axuda técnica</i>	<i>Unidades de valoración por anualidade</i>	<i>Puntos por unidade de valoración (*)</i>	<i>Unidades ofertadas por anualidade</i>	<i>Puntuación parcial</i>
<i>Grúa de mobilización</i>	5	0,4		
	10	0,8		
<i>Cama articulada mecánica incluído colchón</i>	5	0,8		
	10	1,6		



CONCELLO DE REDONDELA

<i>antiescaras</i>				
<i>Cama articulada eléctrica incluído colchón antiescaras</i>	5	1		
	10	1,8		
<i>Cadeira de baño xiratoria</i>	10	0,2		
	20	0,4		
<i>Cadeira de rodas ou sillón xeriatrico</i>	10	0,2		
	20	0,7		
<i>Muletas, bitutores, asideiras, andadores, adaptadores de cadeira, mesa e outros similares, etc</i>	20	0,2		
	40	0,7		
<i>Puntuación Total</i>				

() No suposto de que os licitadores oferten por erro as dúas unidades de valoración que se definen en cada axuda técnica, só se puntuará polo número máximo de unidades de valoración.*

Número de horas de atencións profesionais relacionadas directamente co servizo, con indicación do tipo de atencións e profesionais que as prestan, aportados sen custo nin para o Concello nin para a persoa usuario/a, puntuación parcial deste sub-apartado: 14 puntos.

<i>Atencións profesionais</i>	<i>Unidades de valoración por horas e anualidade</i>	<i>Puntos por unidade de valoración (*)</i>	<i>Unidades ofertadas por anualidade</i>	<i>Puntuación parcial</i>
<i>Limpezas extraordinarias</i>	100	0,2		
	200	0,8		
<i>Atencións de podolóxicas, fisioterapia, terapia ocupacional</i>	150	0,6		
	250	2		
<i>Atención psicolóxica e de educación social</i>	150	0,7		
	200	2		
<i>Outras atencións profesionais a especificar de titulados medios ou superiores</i>	50	0,4		
	75	0,6		
<i>Outras atencións</i>	50	0,4		



CONCELLO DE REDONDELA

<i>non incluídas nos apartado anteriores especificar (perruquería, acompañamentos etc)</i>	75	0,6		
<i>Atencións traballos profesionais do servizo SAF de urxencias – 24 horas para atencións extraordinarias</i>	250	2		
	500	8		
<i>Puntuación total</i>				

(*) *No suposto de que os licitadores oferten por erro as dúas unidades de valoración que se definen en cada atencións profesionais, só se puntuará polo número máximo de unidades de valoración.*

O total de puntos acadados, unha vez realizada a suma das puntuacións parciais de cada sub-apartado, non poderá superar os 20 puntos.”

De acordo co anterior, a valoración das ofertas son as seguintes:

SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR			
DEPENDENCIA			
EMPRESAS	PREZO OFERTADO (sen IVE)	% DA BAIXA	Puntuación
EULEN	13,93	0,50%	2,876712329
VALORIZA	13,71	2,07%	11,91780822
CLECE	13,27	5,21%	30
LIBRE CONCORRENCIA			
EMPRESAS	PREZO OFERTADO (sen IVE)	% DA BAIXA	Puntuación
EULEN	13,40	4,29%	8,219178082
VALORIZA	13,41	4,21%	8,082191781
CLECE	13,27	5,21%	10

Axuda técnica	Unidades valoración / anualidade	Puntos por unidade de valoración (*)	Unidades ofertadas por anualidade EULEN	Puntuación parcial EULEN	Unidades ofertadas por anualidade VALORIZA	Puntuación parcial VALORIZA	Unidades ofertadas por anualidade de CLECE	Puntuación parcial CLECE
Grúa de mobilización	5	0,4	0	0				
	10	0,8	0	0	10	0,8	10	0,8
Cama articulada mecánica incluído colchón antiescaras	5	0,8	0	0				
	10	1,6	0	0	10	1,6	10	1,6
Cama articulada	5	1	0	0				



CONCELLO DE REDONDELA

eléctrica incluído colchón antiescaras	10	1,8	0	0	10	1,8	10	1,8
Cadeira de baño xiratoria	10	0,2	0	0				
	20	0,4	0	0	20	0,4	20	0,4
Cadeira de rodas ou sillón xeriatrico	10	0,2	0	0				
	20	0,7	0	0	20	0,7	20	0,7
Muletas, bitutores, asideiras, andadores, adaptadores de cadeira, mesa e outros similares, etc	20	0,2	0	0				
	40	0,7	0	0	40	0,7	40	0,7
Puntuación Total				0		6		6

Atencións profesionais	Unidades de valoración por horas e anualidade	Puntos por unidade de valoración (*)	Unidades ofertadas por anualidade EULEN	Puntuación parcial EULEN	Unidades ofertadas por anualidade VALORIZA	Puntuación parcial VALORIZA	Unidades ofertadas por anualidade CLECE	Puntuación parcial CLECE
Limpezas extraordinarias	100	0,2	0					
	200	0,8	0	0	200	0,8	200	0,8
Atencións podolóxicas, de fisioterapia, terapia ocupacional	150	0,6	0					
	250	2	0	0	250	2	250	2
Atención psicolóxica e de educación social	150	0,7	0					
	200	2	0	0	200	2	200	2
Outras atencións profesionais a especificar de titulados medios ou superiores	50	0,4	0					
	75	0,6	0	0	75	0,6	75	0,6
Outras atencións non incluídas nos apartados anteriores a especificar (perruquería, acompañamentos etc)	50	0,4	0					
	75	0,6	0	0	75	0,6	75	0,6
Atencións e traballos profesionais do servizo SAF de urxencias – 24 horas para atencións extraordinarias	250	2	0					
	500	8	0	0	500	8	500	8
Puntuación total				0		14		14

Segunda: procedendo a sumar as puntuacións obtidas polos diferentes licitadores no apartado de “criterios avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes”, quedan polo tanto as seguintes puntuacións.

SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR			
----------------------------	--	--	--



CONCELLO DE REDONDELA

EMPRESAS	PUNTUACIÓN PREZO	PUNTUACIÓN AXUDA TÉCNICA	PUNTUACIÓN AXUDA PROFESIONAL	TOTAL
EULEN	11,10	0,00	0,00	11,10
VALORIZA	20,00	6,00	14,00	40,00
CLECE	40,00	6,00	14,00	60,00

Terceira: xunto coas puntuacións obtidas polos diferentes licitadores na valoración do apartado criterios non avaliábeis por cifras ou porcentaxes reflectidas no informe da traballadora social de data 5 de setembro de 2014, quedan polo tanto as seguintes puntuacións.

EMPRESAS	PUNTUACIÓN SOBRE 1	PUNTUACIÓN SOBRE 2	TOTAL PUNTUACIÓN
EULEN	25,54	11,10	36,64
VALORIZA	38,30	40,00	78,30
CLECE	34,10	60,00	94,10

Cuarta: a cualificación queda por tanto do seguinte xeito:

EMPRESAS	TOTAL	POSICIÓN
CLECE	94,10	1
VALORIZA	78,30	2
EULEN	36,64	3

”

Finalmente e á vista do anterior, a Mesa acorda, por unanimidade dos seus membros, remitir o expediente ao órgano de contratación para a adxudicación do contrato e establecer, de conformidade cos informes de valoración emitidos pola traballadora social do Concello e polo interventor municipal e para os efectos do disposto na cláusula 17.1 do Prego de cláusulas administrativas que rexen a licitación, a seguinte clasificación, por orde decrecente, das proposicións presentadas:

- 1º) Clece, SA que obtén un total de 94,10 puntos.
- 2º) Valoriza Servicios a la Dependencia, SL que obtén un total de 78,30 puntos.
- 3º) Eulen Servicios Sociosanitarios, SA que obtén un total de 36,64 puntos.

A Presidencia da por rematado o presente acto, sendo as catorce horas e vinte e cinco minutos da data fixada no encabezamento, para constancia do tratado, redáctase a presente acta, que asino xunto co Presidente, de todo o que, como secretaria, dou fe.”

Efectuado con data do 16 de setembro de 2014 o requirimento a Clece, SA, segundo o previsto no art. 151.2 do TRLCSP, a empresa achegou a documentación requirida o día 26 de setembro de 2014 e o día 29 a secretaria xeral, responsable da tramitación do expediente, emitiu un informe de verificación da documentación presentada segundo o que esta é completa e bastante en base ao establecido na cláusula 17.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares e, xa que logo, pódese proseguir co trámite.

Emitido informe pola Intervención municipal, con referencia ASR-.07.10.14.1, de data 7 de outubro de 2014, que consta de catro páxinas con antecedentes, lexislación aplicable, vinte e seis consideracións e conclusións, mediante acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o 13 de outubro de 2014 adxudicóuselle o Servizo de axuda no fogar do Concello de Redondela a Clece, SA.

Con data do ** de decembro tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello, co número ** un escrito presentado por Clece, SA no que renuncia á formalización do contrato do Servizo de axuda no fogar do Concello de Redondela.



CONCELLO DE REDONDELA

Á vista do devandito escrito, mediante resolución da Alcaldía de data 9 de decembro de 2014 acordouse tomar coñecemento da renuncia de Clece, SA á formalización do contrato e requerir á segunda clasificada, Valoriza Servicios a la Dependencia, SL, para que presentase a documentación necesaria de acordo co Prego de cláusulas administrativas particulares ao obxecto de que poida procederse a adxudicación do contrato ao seu favor por parte do Pleno do Concello. Así mesmo acordouse propor ao Pleno do Concello que se proceda á cancelación/devolución da garantía definitiva constituída por Clece, SA para a adxudicación do contrato.

Efectuado con data do 9 de decembro de 2014 o requirimento a Valoriza Servicios a la Dependencia, SL, segundo o previsto no art. 151.2 do TRLCSP, a empresa achegou a documentación requirida o día 19 de decembro de 2014.

Examinada a documentación presentada e a proposta de adxudicación, a Intervención municipal emitiu o informe con referencia ASR-.02.01.15.1 Reparación, de data 2 de xaneiro de 2015, que consta de cinco páxinas con antecedentes, lexislación aplicable, vinte e cinco consideracións e conclusións.

Á vista do informe anterior, con data do 5 de xaneiro de 2015, requiriuse a Valoriza Servicios a la Dependencia, SL para que presentase, no prazo de dez días, o informe da institución financeira mencionando expresamente o obxecto e contía do contrato. O día 15 de xaneiro de 2015 á empresa presentou o informe requirido.

Xa que logo, PROPOÑO ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción dos seguintes ACORDOS

Primeiro.- Adxudicar o contrato do Servizo de axuda no fogar do Concello de Redondela á empresa Valoriza Servicios a la Dependencia, SL, co CIF núm. B85621159 e con domicilio social no Paseo de la Castellana, 83-85, 28046 Madrid, representada por dona M^a Concepción Massa Gutiérrez del Álamo co DNI núm. 36077905J, con suxeición estrita aos pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas, aprobados que rexen neste procedemento, e á oferta presentada que inclúe o proxecto no que se detalla o proxecto descritivo do servizo, a relación de persoal, a metodoloxía de calidade, xestión e responsabilidade empresarial, subrogación do persoal, plan de formación e outros documentos de interés, e polos seguintes prezos:

SAF Dependencia

- A) Prezo, sen IVE: 13,71 euros.
- B) Imposto sobre o valor engadido (IVE): 0,54 euros.
- C) TOTAL (A + B): 14,25 euros por hora ordinaria.

SAF libre concorrencia

- A) Prezo sen IVE: 13,41 euros.
- B) Imposto sobre o valor engadido (IVE): 1,34 euros
- C) TOTAL (A + B): 14,75 euros por hora ordinaria.

A adxudicación realizase, así mesmo, con suxeición estrita ás melloras gratuítas ofertadas que son as seguintes:

Axuda técnica	Unidades ofertadas por anualidade
Grúa de mobilización	10
Cama articulada mecánica incluído colchón antiescaras	10
Cama articulada eléctrica incluído colchón antiescaras	10
Cadeira de baño xiratoria	20
Cadeira de rodas ou sillón xeriatrico	20
Muletas, bitutores, asideiras, andadores, adaptadores de cadeira, mesa e outros similares, etc	40



CONCELLO DE REDONDELA

Atencións profesionais	Unidades ofertadas por anualidade
Limpezas extraordinarias	200
Atencións podolóxicas, de fisioterapia, terapia ocupacional	250
Atención psicolóxica e de educación social	200
Outras atencións profesionais a especificar de titulados medios ou superiores Superiores	75
Outras atencións non incluídas nos apartado anteriores a especificar (perruquería, acompañamentos etc)	75
Atencións e traballos profesionais do servizo SAF de urxencias – 24 horas para atencións extraordinarias	500

Segundo.- As obrigas económicas correspondentes á anualidade 2014 que se deriven do contrato financiaranse con cargo á aplicación 2331A/22709 do orzamento do Concello para o ano 2014, comprometéndose a dotar adecuadamente as aplicacións que correspondan dos estados de gastos dos orzamentos do Concello dos anos sucesivos para facer fronte as obrigas derivadas deste contrato.

Terceiro.- Designar como responsable do contrato, coas máis amplas facultades de dirección, a traballadora social do Concello, dona Alejandra Fernández Conde.

Cuarto.- O contrato administrativo formalizarase nun prazo non inferior a quince días hábiles a contar desde o seguinte a aquel no que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores Seguindo as disposicións do art. 151 do TRLCSP notificarlle esta adxudicación a todos os licitadores e publicala no perfil do contratante da páxina web do Concello de Redondela.

Quinto.- . De acordo co establecido no art. 154 do TRLCSP, a formalización do contrato publicarase no perfil do contratante do órgano de contratación e no *Boletín Oficial da Provincia* nun prazo non superior a corenta e oito días a contar dende a data de formalización.

Séxta.- Requirit o adxudicatario para que ingrese nas arcas municipais o importe de 226,30 euros correspondentes aos gastos de publicidade da licitación (BOP).

Sétimo.- Seralle de aplicación á presente adxudicación o Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e a demais normativa legal de aplicación, quedando sometido o adxudicatario para tratar as cuestións derivadas da adxudicación á xurisdición do domicilio do Concello de Redondela.

Oitavo.- Proceder á cancelación/devolución da garantía definitiva constituída con data 29 de setembro de 2014 por Clece, SA, por importe de 68.181,82 euros, para responder das obrigas derivadas do contrato ao que renunciou.

Intervencións(...)

Votación e acordo: A proposta presentada para a adxudicación do contrato do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Redondela recibe os votos a favor de todos os asistentes, PP (3), PSOE (3), AER (1), BNG (1).”

INTERVENCIÓNS

O concelleiro BLANCO PÉREZ di que van absterse e pregunta se van tomar algún tipo de medidas para que non se repita esta situación no futuro, xa que non lle parece de recibo a renuncia da empresa adxudicataria.



CONCELLO DE REDONDELA

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que este servizo debe ser de primeira calidade e no seu momento xa cuestionaron as bases porque había unha preferencia dos criterios económicos sobre outros que ao mellor son máis importantes. Sinala que teñen moitas dúbidas e non descarta que a nova renuncie tamén e pregunta se pode non devolverse a fianza. Cuestiona que o servizo vaia a ser bo pola diferenza de puntos que había entre ámbalas dúas empresas.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que xa dixeron que isto viña con retraso. Non teñen claro por qué a empresa renunciou e salienta que o importante era a subrogación das traballadoras e non sabe se houbo algún problema con iso. Pide que se lle aclare.

A concelleira PARÍS BLANCO di que dentro dos pregos hai cláusulas de carácter técnico e económico e son moi similares ás que se fan noutros concellos. Tamén di que pensaban que a empresa CLECE se ía facer cargo do contrato pero prantexou unha serie de dúbidas e a partir de aí chegaron á conclusión de que a súa postura podía ser negativa para o servizo, xa que alegaron un erro de cálculo nos prezos presentados na súa oferta. Di que ao porse en contacto coa segunda empresa, ésta dixo que sí estaba disposta a facerse cargo do contrato. Indica que están obrigados pola normativa e polo prego a subrogar toda a plantilla e que o servizo están moi ben considerado polos usuarios e esperan que siga así.

O concelleiro BLANCO PÉREZ di que preferirían que estes servizos non se levaran por empresas privadas que adoitan ser sempre as mesmas. Sinala que é extraño que a empresa tivera un erro de cálculo. Insiste na necesidade de tomar medidas.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o proceso foi chapuceiro dende o principio. Cuestionaron a temporalidade e a prórroga do contrato, o feito de que non se valorara de xeito especial ás cooperativas e outros aspectos. Consideran que o servizo é fundamental e van a estar moi atentos para que teña a calidade necesaria e por iso van a apoiar a proposta.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que a concelleira non aclarou as dúbidas. Sinala que van a dar o seu voto a favor por responsabilidade para que se poña a funcionar canto antes.

A concelleira PARÍS BLANCO di que a diferenza de puntuación das dúas empresas é somentes pola faceta económica. Di que a licitación foi perfectamente legal e corresponde a devolución da fianza. Insiste en que tratarán de garantir a calidade do servizo e as condicións das persoas que traballan no mesmo.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación ordinaria, é aprobado por maioría dos/as concelleiros/as asistentes sendo vinte votos a favor (10 do PP, 8 do PsdeG-PSOE e 2 do BNG) e unha abstención (1 de AER)

5. APROBACIÓN DA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE REDONDELA

ANTECEDENTES

Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Infraestruturas de 26/01/2015 que a continuación se transcribe:

“Mediante resolución da Alcaldía de data 7 de marzo de 2014 iniciouse o expediente para a contratación do Servizo de elaboración do Plan xeral de ordenación municipal de Redondela, cun valor estimado que ascende a 544.500,00 euros, IVE incluído (450.000,00 máis o IVE por importe de 94.500,00 euros), e cun orzamento máximo para o primeiro ano de 96.552,04 euros, IVE incluído, a licitar polo trámite ordinario e procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, previsto na Sección 2 do Capítulo 1, Título I, Libro III do Real decreto lexislativo



CONCELLO DE REDONDELA

3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSF), procedemento que se elixe por ser o procedemento ordinario e en función de que toda persoa interesada poida presentar unha proposición.

Por acordo do Pleno adoptado en sesión ordinaria celebrada o 6 de maio de 2014 aprobáronse os pregos de cláusulas administrativas e os de prescricións técnicas (xeral e cartografía), aprobouse o expediente de contratación e o gasto correspondente ao ano 2014 con cargo ao crédito existente na aplicación do estado de gastos do orzamento vixente.

O día 21 de xullo de 2014 tivo lugar o acto de exame das declaracións responsables e apertura da catro proposicións presentadas ao procedemento aberto para a contratación do Servizo de elaboración do Plan xeral de ordenación municipal de Redondela, co resultado que se reflicte na acta da reunión que a continuación se transcribe:

“Constituída a Mesa e examinados os asentos no correspondente libro rexistro, resulta que se presentaron doce proposicións.

Tras examina-las declaracións responsables dos licitadores presentados á licitación, a Presidencia ordena que se proceda á apertura pública, á que asiste un representante de Visier Arquitectos SLP, do sobre A) Proposición en relación ós criterios dependentes dun xuízo de valor co resultado que se reflicte a continuación.

Plica núm. 1: Presentada por don José Ignacio de Cabo Pascual, co DNI núm 16492380T, en representación de Arquitectura y Gestión AdC Arquitectos, SLP e domicilio social en Egües, Navarra, na rúa Zaldúa 6, e correo electrónico: ji.decabo@adcarquitectos.es, que inclúe a Proposición axustada ó modelo que figura como ANEXO 3 e que contén: a memoria e plan de realización dos traballos, as melloras e os documentos que acreditan a capacidade de dedicación ó traballo de elaboración do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Redondela e as medidas de participación cidadá.

Plica núm. 2: Presentada por don Juan Ángel Visier Gil, co DNI núm 00646731V, en representación de Visier Arquitectos SLP—co CIF núm. B27715267, domicilio social en Vigo na av. García Barbón 22-8º e correo electrónico: arquitectura@visierarquitectos.es— e por don Carlos Rosón Gasalla, co DNI núm. 35251815Z, en representación de ADIU SLP—co CIF núm. B36100717, domicilio social en Pontevedra, na rúa Alameda núm. 16 - 7ºB, e correo electrónico adiusl@coag.es— que inclúe os compromisos de constituírense formalmente en UTE no caso de resultaren adxudicatarios e a Proposición axustada ó modelo que figura como ANEXO 3 e que contén: a memoria e plan de realización dos traballos, as melloras e os documentos que acreditan a capacidade de dedicación ó traballo de elaboración do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Redondela e as medidas de participación pública.

Plica núm. 3: Presentada por don José Ramón Blanco Fernández, co DNI núm 33225673B, en representación da empresa Estudio Técnico Gallego, SA —co CIF núm. A15093081, domicilio social en Santiago de Compostela, vía la Cierva 15 - Polígono do Tambre, e correo electrónico: estudiotg@estudiotg.es— e por don José P. Gosende Tuñas, co DNI núm. 33237323T, en representación da empresa Ingeniería del Noroeste, SL—co CIF núm. B15128838, domicilio social en Santiago de compostela na rúa Picaños 44 baixo e correo electrónico idelnor@idelnor.com—, que inclúe o compromiso de constituírense formalmente en UTE no caso de resultaren adxudicatarios e a Proposición axustada ó modelo que figura como ANEXO 3 e que contén: a memoria e plan de realización dos traballos, as melloras e os documentos que acreditan a capacidade de dedicación ó traballo de elaboración do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Redondela e as medidas de participación pública.

Plica núm. 4: Presentada por don Javier Elizalde Pérez-Grueso, co DNI núm 119248Q, en representación da empresa TAU Planificación Territorial SL —co CIF núm. B28545762, domicilio social en Madrid, na rúa Meléndez Valdés 68 e correo electrónico: elizalde@taupla.com— e por dona María A Leboreiro Amaro, co DNI núm. 00380043Z, en



CONCELLO DE REDONDELA

representación de TAULA - Marian Leboreiro SL —con domicilio social en Madrid, na av. de Valdemarín 68 e correo electrónico info@taula-marianleboreiro.com— que inclúe o compromiso de constituírense formalmente en UTE no caso de resultaren adxudicatarios; a Proposición axustada ó modelo que figura como ANEXO 3 e que contén: a memoria e plan de realización dos traballos, as melloras e os documentos que acreditan a capacidade de dedicación e os compromisos de colaboración e as medidas de participación pública; así mesmo presenta exemplos de fichas do Plan de Ordenación municipal de Valdepeñas aprobado no ano 2010, copia de documentos de solvencia técnica e económica e curriculum dos integrantes do equipo redactor.

Plica núm. 5: Presentada por don Vicente Alcón Vidal, co DNI núm 13777905P, en representación da empresa Eptisa Servicios de Ingeniería, SL, co CIF núm. B85097962, domicilio social na Coruña, na rúaa Pérez Cepeda 5-7 e correo electrónico: galicia@eptisa.com— que inclúe a Proposición axustada ó modelo que figura como ANEXO 3 e que contén: a memoria e plan de realización dos traballos, as melloras e os documentos que acreditan a capacidade de dedicación ó traballo de elaboración do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Redondela e as medidas de participación pública.

Plica núm. 6: Presentada por don Santiago N. López Fontán, co DNI núm 33295637D, en representación de Plans Estratéxicos Territoriais de Transporte e Ambientais, SL (PETTRA) —co CIF núm. B36872075 e domicilio social en Pontevedra, na rúa Ecuador 20-entrechán e correo electrónico pettra@pettra.es— e por dona M^a del Consuelo González García, co DNI núm. 35295342W, en representación de DESSA Urbanismo, SLNE —co CIF núm. B94007556 e domicilio social en Pontevedra, na rúa Manuel Quiroga 13 e correo electrónico consuelo.GONZÁLEZ@coag.es—, que inclúe o compromiso de constituírense formalmente en UTE no caso de resultaren adxudicatarios e a Proposición axustada ó modelo que figura como ANEXO 3 e que contén: a memoria e plan de realización dos traballos, as melloras e os documentos que acreditan a capacidade de dedicación ó traballo de elaboración do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Redondela e as medidas de participación pública.

Plica núm. 7: Presentada por don Alfredo Garrote Pazos co DNI núm 32633105, en representación de ARQYUR SL —co CIF núm. J15541246 e domicilio social na Coruña, na rúa menéndez Pelayo 11-5º C e correo electrónico arqyur@mundo-r.com— que inclúe a Proposición axustada ó modelo que figura como ANEXO 3 e que contén: a memoria e plan de realización dos traballos, as melloras e os documentos que acreditan a capacidade de dedicación ó traballo de elaboración do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Redondela e as medidas de participación pública.

Plica núm. 8: Presentada por don Juan Antonio Caridad Graña, co DNI núm 32775740G, e don José Isidro López Yáñez, co DNI núm. 32782185D, en representación da empresa Oficina de Arquitectura, Urbanismo y Planificación SLP (OAU) —co CIF núm. B15772478 e domicilio social en Bertamiráns, Ames-A Coruña, na rúa Alcalde Lorenzo núm. 14, portal 1-2º D e correo electrónico: oau-arquitectura@oau-arquitectura.com— e por don Juan José Aparicio García, co DNI núm. 09333677R, en representación da empresa Centro de Observación y Teledetección Espacial, SA (COTESA) —co CIF núm. A47461066 e domicilio social en Boecillo, Valladolid, no parque tecnolóxico de Boecillo, c/ Luis Proust 17, e correo electrónico comercialcotesa@grupotecopy.es— que inclúe o compromiso de constituírense formalmente en UTE no caso de resultaren adxudicatarios e a Proposición axustada ó modelo que figura como ANEXO 3 e que contén: a memoria e plan de realización dos traballos, as melloras e os documentos que acreditan a capacidade de dedicación ó traballo de elaboración do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Redondela e as medidas de participación pública.

Plica núm. 9: Presentada por por Ramón Martínez Gómez, co DNI núm 33991566G, en representación de PROYESTEGAL, SL —co CIF núm. B27159730 e domicilio social en Lugo, na rúa Pena do Rei 3-entrechán A e correo electrónico: concursos@proyestegal.com— e por



CONCELLO DE REDONDELA

don Antonio de Vega Rodríguez, co DNI núm 33806149J, en representación de DVega Arquitectura, Territorio, Medio Ambiente, SL —co CIF núm. B27332170 e domicilio social en Lugo, na rúa Manuel María, núm. 3, 2º A-B e correo electrónico: adevega@coag.es—que inclúe o compromiso de constituírense formalmente en UTE no caso de resultaren adjudicatarios e a Proposición axustada ó modelo que figura como ANEXO 3 e que contén: a memoria e plan de realización dos traballos, as melloras e os documentos que acreditan a capacidade de dedicación ó traballo de elaboración do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Redondela e as medidas de participación pública. Así mesmo achega documentación para acredita-la solvencia económica, financeira e técnica.

Plica núm. 10: Presentada por don Álvaro Fernández Carballada, co DNI núm 10185105S, en representación de Fernández Carballada y Asociados, SLP, —co CIF núm. B15671563 e domicilio social en na Coruña, na rúa Posse, 45-1º B e correo electrónico: estudio@fernandezcarballada.com— que inclúe a Proposición axustada ó modelo que figura como ANEXO 3 e que contén: a memoria e plan de realización dos traballos, as melloras e os documentos que acreditan a capacidade de dedicación ó traballo de elaboración do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Redondela e as medidas de participación pública.

Plica núm. 11: Presentada por don Fernando Rodríguez López, co DNI núm 33839870Q, en representación da empresa Estudio Medem,SA —co CIF núm. A78640430 e domicilio social en Madris, na rúa Nestares, 20-2º e correo electrónico estudiomedem@estudiomedem.es— que inclúe a Proposición axustada ó modelo que figura como ANEXO 3 e que contén: a memoria e plan de realización dos traballos, as melloras e os documentos que acreditan a capacidade de dedicación ó traballo de elaboración do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Redondela e as medidas de participación pública.

Plica núm. 12: Presentada por Sebastia Jornet Fornet co DNI núm 40915099P, en representación de Jornet Llop Pastor SLP arquitectes —co CIF núm. B64750300 e domicilio social en Barcelona, na Gran vía de les Cortes Catalanes 625-1r 2a e correo electrónico jlj@jlp.cat— e por dona María Ríos Carballeira, co DNI núm 32681390T, no seu propio nome —con correo electrónico mrioscarballeira@gmail.com— e por don Gabriel Jubete Andreu, co DNI núm 35022253S, no seu propio nome —con correo electrónico jubete@coac.net— que inclúe o compromiso de constituírense formalmente en UTE no caso de resultaren adjudicatarios e a Proposición axustada ó modelo que figura como ANEXO 3 e que contén: a memoria e plan de traballo, as melloras e os documentos que acreditan a capacidade de dedicación ó traballo de elaboración do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Redondela e as medidas de participación pública.

Unha vez abertos os devanditos sobres A) Proposición en relación ós criterios dependentes dun xuízo de valor que conteñen a documentación para a valoración dos criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor previstos na cláusula 21ª.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen este procedemento, a Mesa acorda solicitarlles ás empresas dúas copias en formato dixital da documentación incluída no sobre A e remiti-la documentación presentada ó comité de expertos para que emita informe de valoración das ofertas segundo os devanditos criterios.

A Presidencia da por rematado o presente acto, sendo as catorce horas e trinta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, para constancia do tratado, redáctase a presente acta, que asino xunto co Presidente, de todo o que, como secretaria, dou fe.”

Unha vez realizada a valoración polo comité de expertos, a Mesa de Contratación reuniuse novamente o día 7 de novembro de 2014 para o exame da acta da xuntanza do comite na que se establece a valoración da documentación presentada polos licitadores no Sobre A) Referencias



CONCELLO DE REDONDELA

técnicas, co resultado que se reflicte na acta da reunión da Mesa que a continuación se transcribe:

“Constituída a Mesa, procédese ao exame da acta da xuntanza do comité de expertos na que se procedeu á valoración da documentación contida nos sobres A) Referencias técnicas, que transcrita di:

“Na casa do concello de Redondela, na Sala de Concelleiros/as, a quince de outubro de dous mil catorce, previa convocatoria, reuníronse ás dez horas e trinta minutos os membros do comité de expertos, coa finalidade de celebrar a xuntanza convocada para o día de hoxe.

Asunto: valoración ofertas sobre a: referencias técnicas.

Reunidos os membros asistentes integrantes do comité de expertos designados polo concello pleno na sesión ordinaria celebrada o día tres de xullo de dous mil catorce aos efectos de valorar a documentación entregada pola Mesa de Contratación relativa ao sobre A: referencias técnicas do contrato de servizos de elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Redondela (PXOM), logo da entrega da documentación na sesión celebrada o día oito de agosto pola que se declarou constituído dito comité, procédese á valoración do Sobre A, proposición relativa ás referencias técnicas, comprensiva dos criterios de valoración técnicos.

Os criterios a valorar son os recollidos na cláusula 22 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) do contrato, tendo en conta o Prego de Prescricións Técnicas (PPT) e o de cartografía, a saber:

Referencias técnicas (Sobre A): Ata 75 puntos.

- Memoria e plan de realización dos traballos: este apartado valorarase ata un máximo de 30 puntos, tendo en conta, ademais do que poda ofertar o licitador, os seguintes aspectos:
- Coñecemento do territorio e diagnóstico: presentarase unha memoria esquemática cun primeiro diagnóstico, comprensiva dos problemas urbanísticos existentes na actualidade no municipio.
- A metodoloxía a empregar no desenvolvemento dos traballos para acadar os obxectivos que se pretenden co planeamento proposto. Valorarase o axeitado dos métodos de información e diagnose territorial.
- A proposta da presentación da documentación que desenvolverá o obxecto do contrato, tanto gráfica como literal (presentarase un máximo de tres planos e cinco follas da documentación literal). Valorarase a claridade expositiva e organizativa e todo o que permita a fácil consulta e comprensión da información así como a idoneidade dos sistemas de produción de textos, cadros, bases de datos e planos.
- A realización de documentos informáticos interactivos durante a tramitación do PXOM ou logo de se aprobar: CDs interactivos, integración en páxinas web en formatos facilmente navegables, etc.
- O emprego de sistemas interactivos avanzados, ferramentas GIS, bases de datos, etc, que permitan o posterior manexo interactivo do PXOM para a xestión na oficina técnica municipal.
- Un calendario completo para a execución do contrato compatible cos prazos recollidos neste Prego e que deberá comprender os traballos para a actualización, cando sexa preciso, da planimetría. Os prazos deberán constar de forma detallada, facendo referencia aos prazos intermedios entre as distintas fases nos que o licitador se compromete á presentación dos documentos no Concello.



CONCELLO DE REDONDELA

- Melloras: este apartado valorarase ata un máximo de 20 puntos, tendo en conta os seguintes aspectos en orde de prioridade:
- Melloras que superen técnicamente o mínimo recollido no PPT (pormenorización da ordenación, melloras ambientais, estudos pormenorizados...). Valorarase ata 10 puntos. Para a súa valoración deberán detallarse claramente os aspectos que se melloran respecto do prego técnico.
- Apertura dunha oficina propia para asistencia aos veciños durante o tempo de execución do contrato, como mínimo un día á semana en horario de mañá e tarde. Valorarase ata 10 puntos en función da maior dispoñibilidade do equipo redactor.
- Capacidade de dedicación ao traballo proposto: este apartado valorarase ata un máximo de 15 puntos. Entre outras que poda propoñer o equipo redactor, valorarase as medidas que garantan a dispoñibilidade, dedicación e a comunicación permanente co Concello (reunións mínimas previstas, asistencias a comisións informativas, plenos municipais...); as medidas que permitan a adecuada coordinación interadministrativa entre o Concello e as demais administracións implicadas nas distintas fases de elaboración do PXOM (reunións e consultas con outras institucións ou organismos, preparación e envío de documentación...); e as medidas que garantan a coordinación con entidades cidadáns e sociais que podan verse implicadas ou afectadas polo PXOM. Indicaránse tamén os traballos de urbanismo en realización no momento da licitación. Debe expresarse o cronograma de execución previsto para eles, co gallo de valorar a capacidade de dedicación ao traballo obxecto do concurso.
- Medidas de participación pública: este apartado valorarase ata un máximo de 10 puntos. Recollerase a proposta metodolóxica respecto á información ao público e, en particular, o enfoque que o adxudicatario dará ás exposicións publicas, enquisas e mecanismos de participación cidadá que o adxudicatario se compromete a realizar.

As ofertas a valorar son as presentadas polas empresas:

1. ARQUITECTURA Y GESTIÓN ADC ARQUITECTOS, S.L.P.
2. VISIER ARQUITECTOS S.L.P. E ADIU, S.L.P.
3. ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A. e INGENIERÍA DEL NOROESTE, S.L.
4. TAU PLANIFICACIÓN TERRITORIAL, S.L. e TAULA+MARIAN LEBOREIRO.
5. EPTISA, SERVICIOS INGENIERÍA, S.L.
6. PLANOS ESTRATÉXICOS TERRITORIAS DE TRANSPORTE E AMBIENTAIS (PETRA) e DESSAURBANISMO, S.L.N.E.
7. ARQYUR, S.C.
8. OFICINA DE ARQUITECTURA, URBANISMO Y PLANIFICACIÓN, S.L.P. e COTESA.
9. PROYESTEGAL, S.L. e DVEGA ARQUITECTURA, TERRITORIO MEDIO AMBIENTE, S.L.
10. FERNÁNDEZ CARBALLADA Y ASOCIADOS, S.L.P.
11. ESTUDIO MEDEM, S.A.
12. JORNET-LLOP-PASTOR, S.L.P.+MARÍA RÍOS CARBALLEIRA +GABRIEL JUBETE ANDREU.

O comité, tomando como base os criterios fixados nos pregos, acorda ter en conta para a súa valoración os aspectos que se sinalan a continuación para cada un dos apartados que se recollen na cláusula 22 do PCAP, de acordo coa puntuación máxima que se sinala ata acadar o máximo de 75 puntos, aplicando a porcentaxe do 100% para a máxima puntuación en cada un dos catro apartados, de acordo coa proporción que se sinala para cada un dos subapartados que os compoñen.



CONCELLO DE REDONDELA

1) Memoria e plan de realización dos traballos: Este apartado valórase ata un máximo de 30 puntos, correspondendo á porcentaxe máxima do 100%. Divídese en seis subapartados.

A valoración dos dous primeiros subapartados a) e b) corresponden ao 80% do total, aplicándose o 40% para cada un deles, dado a importancia que ten o coñecemento do territorio, a diagnose, a metodoloxía e o modelo a empregar para elaboración do plan xeral. Os restantes subapartados c), d), e) e f) se distribúen nunha porcentaxe do 5% para cada un deles, tendo en conta para a súa valoración os seguintes aspectos:

a) Coñecemento do territorio e diagnóstico, comprensiva dos problemas urbanísticos existentes na actualidade.

Valórase o coñecemento do territorio e diagnóstico, comprensiva dos problemas urbanísticos existentes no municipio, o seu encaixe territorial, a análise urbanística de acordo coa información, a análise do modelo de asentamento, a análise do patrimonio natural e cultural e a elaboración dunha diagnose global, obtendo como resultado o modelo para o municipio que se procura coa elaboración do plan.

b) Metodoloxía a empregar respecto aos obxectivos.

Valórase a metodoloxía a empregar respecto aos obxectivos en consoancia co punto anterior respecto á diagnose territorial do municipio e modelo proposto polo plan, valórase a elaboración dunha metodoloxía para a redacción dos traballos, da información e da diagnose que dea lugar a un resultado, non dende unha perspectiva global senon diferenciadora e aplicada ao municipio.

c) Proposta de presentación da documentación gráfica e literal.

Valórase a proposta de presentación da documentación, tendo en conta a claridade expositiva, a comprensión e a información, valorándose nesta última o axuste ao esixido polos pregos do máximo de tres planos e cinco follas da documentación literal.

d) Documentos informáticos interactivos durante e despois aprobación PXOM.

Valórase a utilización de Cd's interactivos e a elaboración dunha páxina web, tendo en conta respecto a ésta última, para a determinación da maior ou menor porcentaxe, a creación dunha web propia, a indicación do seu emprego a través da páxina web municipal e a non referencia á súa creación.

e) Emprego de sistemas interactivos para a súa xestión posterior municipal.

Valórase o emprego de GIS-bases de datos e arquivos multimedia.

f) Cronograma completo e detallado para a execución do contrato.

Valórase que se reflicta o calendario completo e detallado dos prazos para a execución do contrato e a súa claridade expositiva.

Polo que tendo en conta os devanditos aspectos para a valoración de cada un dos subapartados, resulta:

MEMORIA E PLAN DE REALIZACIÓN DOS TRABALLOS							
	a) Territorio e diagnose	b) Metodoloxía	c) Proposición	d) Documentos informáticos	e) Sistemas interactivos	f) Cronograma	TOTAL MÁX. 30 PTOS 100%
1.ARQUITECTURA Y GESTIÓN ADC ARQUITECTOS, S.L.P.	9,16	10,32	1,50	-	1,25	1,50	23,73
2.VISIER ARQUITECTOS S.L.P. E	7,20	6,96	1,50	1,13	1,25	1,50	19,54



CONCELLO DE REDONDELA

ADIU, S.L.P.							
3.ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A. e INGENIERÍA DEL NOROESTE, S.L.	6,28	4,32	1,20	1,50	-	1,50	14,80
4.TAU PLANIFICACIÓN TERRITORIAL, S.L. e TAULA+MARIAN LEBOREIRO.	10,20	9,12	-	1,50	1,25	1,50	23,57
5.EPTISA, SERVICIOS INGENIERÍA, S.L.	9,76	5,04	1,35	1,50	1,50	1,50	20,65
6.PLANOS ESTRATÉXICOS TERRITORIAS DE TRANSPORTE E AMBIENTAIS (PETRA) e DESSAURBANISMO, S.L.N.E.	4,48	5,04	1,05	1,13	1,50	1,50	14,70
7.ARQYUR, S.C.	5,60	5,04	1,20	1,13	1,25	1,50	15,72
8.OFICINA DE ARQUITECTURA, URBANISMO Y PLANIFICACIÓN, S.L.P. e COTESA.	3,88	3,12	1,05	1,50	1,25	1,50	12,30
9.PROYESTEGAL, S.L. e DVEGA ARQUITECTURA, TERRITORIO MEDIO AMBIENTE, S.L.	6,76	5,88	-	0,56	1,25	1,50	15,95
10.FERNÁNDEZ CARBALLADA Y ASOCIADOS, S.L.P.	9,52	6,24	1,35	1,13	1,50	1,50	21,24
11.ESTUDIO MEDEM, S.A.	1,20	0,72	1,05	1,50	1,50	1,50	7,47
12.JORNET-LLOP-PASTOR, S.L.P. +MARÍA RÍOS CARBALLEIRA +GABRIEL JUBETE ANDREU.	11,02	10,80	1,50	0,75	1,50	1,50	27,07

2) Melloras: Este apartado valórase ata un máximo de 20 puntos. Correspondendo á porcentaxe máxima do 100%. Divídese en dous subapartados.

Aplicase o 50% para cada un dos subapartados, tendo en conta para a súa valoración os seguintes aspectos:

a) Superación do mínimo recollido no PPT.

Valórase a proposta de melloras que superan o mínimo do PPT, non contando aqueles aspectos que se propoñan como melloras e que deben considerarse integrantes doutros criterios de valoración, valorándose así mesmo o interese das melloras propostas co modelo do plan.

b) Apertura dunha oficina propia para asistencia dos veciños durante o tempo de execución do contrato.

Valórase a proposta da apertura da oficina e a maior dispoñibilidade do equipo redactor.

Polo que tendo en conta as devanditos aspectos para a valoración de cada un dos subapartados, resulta:

MELLORAS			
	a) Superación PPT 50% (10)	b)Apertura oficina 50% (10)	TOTAL MÁX 20 PTOS 100%
1.ARQUITECTURA Y GESTIÓN ADC ARQUITECTOS, SL.P.	10,00	7,50	17,50
2.VISIER ARQUITECTOS S.L.P. E ADIU, S.L.P.	6,00	10,00	16,00
3.ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A. e INGENIERÍA DEL NOROESTE, S.L.	6,00	10,00	16,00
4.TAU PLANIFICACIÓN TERRITORIAL, S.L. e TAULA+MARIAN LEBOREIRO.	6,00	10,00	16,00
5.EPTISA, SERVICIOS INGENIERÍA, S.L.	2,80	10,00	12,80
6.PLANOS ESTRATÉXICOS TERRITORIAS DE TRANSPORTE E	6,00	10,00	16,00



CONCELLO DE REDONDELA

AMBIENTAIS (PETRA) e DESSAURBANISMO, S.L.N.E.			
7.ARQYUR, S.C.	10,00	10,00	20,00
8.OFICINA DE ARQUITECTURA, URBANISMO Y PLANIFICACIÓN, S.L.P. e COTESA.	2,80	10,00	12,80
9.PROYESTEGAL, S.L. e DVEGA ARQUITECTURA, TERRITORIO MEDIO AMBIENTE, S.L.	2,80	10,00	12,80
10.FERNÁNDEZ CARBALLADA Y ASOCIADOS, S.L.P.	6,00	10,00	16,00
11.ESTUDIO MEDEM, S.A.	2,80	10,00	12,80
12.JORNET-LLOP-PASTOR, S.L.P.+MARÍA RÍOS CARBALLEIRA +GABRIEL JUBETE ANDREU.	10,00	10,00	20,00

3) Capacidade dedicación ao traballo proposto: Este apartado valórase ata un máximo de 15 puntos. Correspondendo á porcentaxe máxima do 100%. Divídese en dous subapartados.

Aplicase o 50% para cada un dos subapartados, tendo en conta para a súa valoración os seguintes aspectos:

a) Disponibilidade, comunicación permanente, coordinación interadministrativas con entidades, cidadáns e sociais,...

Valóranse as medidas que garantan a dispoñibilidade, dedicación e a comunicación permanente co concello (reunións, asistencias a comisións informativas, plenos municipais...); as medidas que permitan a adecuada coordinación interadministrativa entre o concello e as demais administracións implicadas nas distintas fases de elaboración do PXOM (reunións e consultas con outras institucións ou organismos, preparación e envío de documentación...); e as medidas que garantan a coordinación con entidades, cidadáns e sociais que poidan verse implicadas ou afectadas polo PXOM.

b) Traballos de urbanismo en realización no momento de licitación e cronograma.

Valóranse os traballos de urbanismo en realización no momento da licitación e a expresión do cronograma de execución previsto, así como o seu compromiso de dedicación na elaboración do plan.

Polo que tendo en conta as devanditos aspectos para a valoración de cada un dos subapartados, resulta:

CAPACIDADE DEDICACIÓN AO TRABALLO PROPOSTO			
	a) Disponibilidade, comunicación, coordinación,...	b) Traballos urbanismo e cronograma	TOTAL MÁX 15 PTOS 100%
1.ARQUITECTURA Y GESTIÓN ADC ARQUITECTOS, S.L.P.	7,50	7,50	15,00
2.VISIER ARQUITECTOS S.L.P. E ADIU, S.L.P.	7,50	7,50	15,00
3.ESTUDIO TÉCNICO GALLEGÓ, S.A. e INGENIERÍA DEL NOROESTE, S.L.	7,50	7,50	15,00
4.TAU PLANIFICACIÓN TERRITORIAL, S.L. e TAULA+MARIAN LEBOREIRO.	7,50	7,50	15,00
5.EPTISA, SERVICIOS INGENIERÍA, S.L.	7,50	7,50	15,00
6.PLANOS ESTRATÉGICOS TERRITORIAS DE TRANSPORTE E AMBIENTAIS (PETRA) e DESSAURBANISMO, S.L.N.E.	7,50	7,50	15,00
7.ARQYUR, S.C.	7,50	7,50	15,00
8.OFICINA DE ARQUITECTURA, URBANISMO Y PLANIFICACIÓN, S.L.P. e COTESA.	7,50	7,50	15,00
9.PROYESTEGAL, S.L. e DVEGA ARQUITECTURA, TERRITORIO MEDIO AMBIENTE, S.L.	7,50	7,50	15,00
10.FERNÁNDEZ CARBALLADA Y ASOCIADOS, S.L.P.	7,50	7,50	15,00



CONCELLO DE REDONDELA

11. ESTUDIO MEDEM, S.A.	7,50	7,50	15,00
12. JORNET-LLOP-PASTOR, S.L.P.+MARÍA RÍOS CARBALLEIRA +GABRIEL JUBETE ANDREU.	7,50	7,50	15,00

4) Medidas de participación pública: Este apartado valórase ata un máximo de 10 puntos. Correspondendo á porcentaxe máxima do 100%.

Neste cuarto apartado valórase a proposta metodolóxica respecto á información ao público e, en particular, o enfoque que dará ás exposicións públicas, enquisas, tendo unha maior relevancia a innovación nos mecanismos de participación pública.

Polo que tendo en conta as devanditos aspectos para a valoración, resulta:

MEDIDAS DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA	
	TOTAL MÁX. 10 PTOS. 100%
1. ARQUITECTURA Y GESTIÓN ADC ARQUITECTOS, S.L.P.	4,00
2. VISIER ARQUITECTOS S.L.P. E ADIU, S.L.P.	7,50
3. ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A. e INGENIERÍA DEL NOROESTE, S.L.	4,50
4. TAU PLANIFICACIÓN TERRITORIAL, S.L. e TAULA+MARIAN LEBOREIRO.	6,00
5. EPTISA, SERVICIOS INGENIERÍA, S.L.	4,00
6. PLANOS ESTRATÉXICOS TERRITORIAS DE TRANSPORTE E AMBIENTAIS (PETRA) e DESSAURBANISMO, S.L.N.E.	4,00
7. ARQYUR, S.C.	7,50
8. OFICINA DE ARQUITECTURA, URBANISMO Y PLANIFICACIÓN, S.L.P. e COTESA.	7,50
9. PROYESTEGAL, S.L. e DVEGA ARQUITECTURA, TERRITORIO MEDIO AMBIENTE, S.L.	6,00
10. FERNÁNDEZ CARBALLADA Y ASOCIADOS, S.L.P.	7,50
11. ESTUDIO MEDEM, S.A.	4,00
12. JORNET-LLOP-PASTOR, S.L.P.+MARÍA RÍOS CARBALLEIRA +GABRIEL JUBETE ANDREU.	10,00

Do sumatorio total das valoracións parciais para cada un dos apartados expostos, resulta o cadro final de valoracións que se acompaña como documento ANEXO á presente acta.

Do exposto, o comité propoñe á Mesa de Contratación como oferta máis favorable respecto ao sobre A “referencias técnicas” conforme aos criterios establecidos nos pregos que rexen o procedemento de contratación do servizo de elaboración do PXOM de Redondela e tendo en conta os aspectos detallados para a valoración de cada un deles, a presentada pola empresa:

- JORNET-LLOP-PASTOR, S.L.P.+MARÍA RÍOS CARBALLEIRA +GABRIEL JUBETE ANDREU.

E non tendo máis asuntos que tratar, levántase a xuntanza sendo as catorce horas e trinta minutos da data indicada no encabezamento, de todo o que se estende a presente acta, coa sinatura dos seus compoñentes.”

De seguido, procédese, en acto público ao que asisten representantes da UTE Jornet Llop Pastor SLP arquitectes, dona María Ríos Carballeira e don Gabriel Jubete Andreu, á apertura dos Sobres B) Oferta económica co resultado que se reflicte a continuación:

Plica núm. 1: Presentada por Arquitectura e Gestión AdC Arquitectos, SLP que se comprometen a executar o contrato polo prezo sen IVE de 380.000,00 euros, máis o IVE de 79.800,00 euros, o que fai un total da oferta de 459.800,00 euros, IVE engadido, que implica unha porcentaxe de baixa unitaria sobre o presuposto de licitación sen IVE de 15,55% ou 70.000,00 euros.

Plica núm. 2: Presentada por Visier Arquitectos SLP e ADIU SLP que se comprometen a executar o contrato polo prezo sen IVE de 382.500,00 euros, máis o IVE de 80.325,00 euros, o



CONCELLO DE REDONDEIRA

que fai un total da oferta de 462.825,00 euros, IVE engadido, que implica unha porcentaxe de baixa unitaria sobre o presuposto de licitación sen IVE de 67.500,00 euros.

Plica núm. 3: Presentada por Estudio Técnico Gallego, SA e Ingeniería del Noroeste, SL que se comprometen a executar o contrato polo prezo sen IVE de 382.500,00 euros, máis o IVE de 80.325,00 euros, o que fai un total da oferta de 462.825,00 euros, IVE engadido, que implica unha porcentaxe de baixa unitaria sobre o presuposto de licitación sen IVE de 15% ou 67.500,00 euros.

Plica núm. 4: Presentada por TAU Planificación Territorial SL e TAULA - Marian Leboreiro SL que se comprometen a executar o contrato polo prezo sen IVE de 396.000,00 euros, máis o IVE de 83.160,00 euros, o que fai un total da oferta de 479.160,00 euros, IVE engadido, que implica unha porcentaxe de baixa unitaria sobre o presuposto de licitación sen IVE de 54.000,00 euros.

Plica núm. 5: Presentada por Eptisa Servicios de Ingeniería, SL que se compromete a executar o contrato polo prezo sen IVE de 384.750,00 euros, máis o IVE de 80.797,50 euros, o que fai un total da oferta de 465.547,50 euros, IVE engadido, que implica unha porcentaxe de baixa unitaria sobre o presuposto de licitación sen IVE de 14,5% ou 65.250,00 euros.

Plica núm. 6: Presentada por Plans Estratéxicos Territoriais de Transporte e Ambientais, SL (PETTRA) e DESSA Urbanismo, SLNE que se comprometen a executar o contrato polo prezo sen IVE de 382.500,00 euros, máis o IVE de 80.325,00 euros, o que fai un total da oferta de 462.825,00 euros, IVE engadido, que implica unha porcentaxe de baixa unitaria sobre o presuposto de licitación sen IVE de 67.500,00 euros.

Plica núm. 7: Presentada por ARQYUR SL que se compromete a executar o contrato polo prezo sen IVE de 382.500,00 euros, máis o IVE de 80.325,00 euros, o que fai un total da oferta de 462.825,00 euros, IVE engadido, que implica unha porcentaxe de baixa unitaria sobre o presuposto de licitación sen IVE de 15% ou 67.500,00 euros.

Plica núm. 8: Presentada por Oficina de Arquitectura, Urbanismo y Planificación SLP (OAU) e Centro de Observación y Teledetección Espacial, SA (COTESA) que se comprometen a executar o contrato polo prezo sen IVE de 382.500,00 euros, máis o IVE de 80.325,00 euros, o que fai un total da oferta de 462.825,00 euros, IVE engadido, que implica unha porcentaxe de baixa unitaria sobre o presuposto de licitación sen IVE de 15% ou 67.500,00 euros.

Plica núm. 9: Presentada por PROYESTEGAL, SL e DVega Arquitectura, Territorio, Medio Ambiente, SL que se comprometen a executar o contrato polo prezo sen IVE de 382.500,00 euros, máis o IVE de 80.325,00 euros, o que fai un total da oferta de 462.825,00 euros, IVE engadido, que implica unha porcentaxe de baixa unitaria sobre o presuposto de licitación sen IVE de 15% ou 67.500,00 euros.

Plica núm. 10: Presentada por Fernández Carballada y Asociados, SLP que se compromete a executar o contrato polo prezo sen IVE de 382.500,01 euros, máis o IVE de 80.325,00 euros, o que fai un total da oferta de 462.825,01 euros, IVE engadido, que implica unha porcentaxe de baixa unitaria sobre o presuposto de licitación sen IVE de 14,99% ou 67.499,99 euros.

Plica núm. 11: Presentada por Estudio Medem,SA que se compromete a executar o contrato polo prezo sen IVE de 382.501,00 euros, máis o IVE de 80.325,21 euros, o que fai un total da oferta de 462.826,21 euros, IVE engadido, que implica unha porcentaxe de baixa unitaria sobre o presuposto de licitación sen IVE de 14,998%.

Plica núm. 12: Presentada por Jornet Llop Pastor SLP arquitectes, dona María Ríos Carballeira e don Gabriel Jubete Andreu que se comprometen a executar o contrato polo prezo sen IVE de 393.300,00 euros, máis o IVE de 82.593,00 euros, o que fai un total da oferta de 475.893,00 euros, IVE engadido, que implica unha porcentaxe de baixa unitaria sobre o presuposto de licitación sen IVE de 56.700,00 euros.



CONCELLO DE REDONDELA

Finalmente a Mesa acorda, por unanimidade dos seus membros, remitir as ofertas presentadas polos licitadores ao interventor municipal para que emita informe de valoración segundo os criterios establecidos na cláusula 22 do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a presente contratación.

A Presidencia dá por rematado o presente acto, sendo as catorce horas e vinte minutos da data fixada no encabezamento, para constancia do tratado, redáctase a presente acta, que asino xunto co Presidente, de todo o que, como secretaria, dou fe.”

Examinadas as ofertas económicas pola Intervención municipal para a súa valoración detectouse que a presentada por Arquitectura y Gestión Adc Arquitectos, SLP contiña valores anormais ou desproporcionados de acordo co criterio establecido na cláusula 22 do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación, polo que se lle concedeu audiencia polo prazo de tres días hábiles para os efectos de que procedese a xustificar a valoración da súa oferta e precisase as súas condicións, e, transcorrido o prazo conferido, a documentación presentada foi remitida ao arquitecto municipal para valoración.

Unha vez emitidos ambos os dous informes, o de valoración das ofertas económicas no que ademais se establecen as puntuacións definitivas e o referido á xustificación da oferta con valores anormais ou desproporcionados, a Mesa de Contratación reuniuse novamente o día 26 de novembro de 2014 co resultado que se recolle na acta que se transcribe a continuación:

“Constituída a Mesa, procédese ao exame do informe de valoración dos Sobre B) Oferta económica, emitido pola interventor municipal, no que se establecen ademais as puntuacións finais, que transcrito di:

“Asunto: Valoración ofertas do contrato de servizo de elaboración do Plan Xeral de Ordenación municipal de Redondela.

A) Antecedentes:

Expediente administrativo.

Acta da mesa de contratación de data 21 de xullo de 2014.

Informe da comisión de expertos de data 15 de outubro de 2014.

Acta da mesa de contratación de data 7 de novembro de 2014.

B) Lexislación aplicable:

Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.

Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Real Decreto 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título VI da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.

Bases de Execución do Orzamento do Excmo. Concello de Redondela para o ano 2014.

C) Consideracións:

Primeira: con data 7 de novembro decidiuse pola mesa de contratación que:

“...a Mesa acorda, por unanimidade, remitir as ofertas presentadas polos licitadores ao interventor municipal para que emita informe de valoración segundo os criterios establecidos na



CONCELLO DE REDONDELA

cláusula 22ª do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente contratación.”

O apartado do criterio cuantificable mediante cifras ou porcentaxes recolle o seguinte:

“Oferta económica (Sobre B): Ata 25 puntos.

O órgano de contratación puntuará coa puntuación máxima de 25 puntos a oferta máis vantaxosa dende o punto de vista económico, sendo a máxima redución valorable o 15 % (calquera redución do prezo superior ao 15% non se tomará en conta para a valoración pero vinculará ao contratista para os efectos de fixar o prezo do contrato), obtendo o resto unha puntuación proporcional segundo a súa oferta mediante a aplicación da seguinte fórmula:

$$P = [(Prezo de licitación - oferta presentada) / (Prezo de licitación - oferta máis baixa)] * 25$$

Para os efectos indicados no artigo 152 do TRLCSP consideraranse anormais ou desproporcionadas as proposicións con baixas superiores ao 15% do orzamento de licitación, puntuándose nos casos anteriores en función do máximo da baixa sen concorrer en temeridade. No caso de que unha proposición con valores anormais ou desproporcionados resultase adxudicataria o prezo do contrato será o establecido na súa oferta e neste caso o adxudicatario deberá constituír unha garantía complementaria nos termos establecidos na cláusula XV do presente Prego.”

De acordo co anterior, a valoración das ofertas son as seguintes:

EMPRESAS	PREZO OFERTA-DO (sen IVE)	BAIXA	%	Ptos.
1.Arquitectura y Gestión Adc Arquitectos, S.L.P.	380.000,00 €	70.000,00 €	15,56%	25
2.Visier Arquitectos S.L.P. e Adiu, S.L.P.	382.500,00 €	67.500,00 €	15,00%	25
3.Estudio Técnico Gallego, S.A. e Ingeniería del Noroeste, S.L.	382.500,00 €	67.500,00 €	15,00%	25
4.Tau Planificación Territorial, S.L. e Taula+Marian Le-boreiro.	396.000,00 €	54.000,00 €	12,00%	20
5.Eptisa, Servicios Ingeniería, S.L.	384.750,00 €	65.250,00 €	14,50%	24,17
6.Planos Estratégicos Territorias de Transporte e Ambientais (pettra) e Dessaurbanismo, S.L.N.E.	382.500,00 €	67.500,00 €	15,00%	25
7.Arqyur, S.C.	382.500,00 €	67.500,00 €	15,00%	25
8.Oficina de Arquitectura, Urbanismo y Planificación, S.-L.P. e Cotesa.	382.500,00 €	67.500,00 €	15,00%	25
9.Proyestegal, S.L. e Dvega Arquitectura, Territorio Medio Ambiente, S.L.	382.500,00 €	67.500,00 €	15,00%	25
10.Fernández Carballada y Asociados, S.L.P.	382.500,01 €	67.499,99 €	15,00%	24,9999963
11.Estudio Medem, S.A.	382.501,00 €	67.499,00 €	15,00%	24,9996296
12.Jornet-Llop-Pastor, S.L.P.+María Ríos Carballeira + Gabriel Jubete Andreu.	393.300,00 €	56.700,00 €	12,60%	21

Segundo o establecido no último paragrafo da cláusula 22, a oferta presentada por Arquitectura y Gestión Adc Arquitectos, S.L.P. está incurso en baixa temeraria.

Segunda: en todo caso, e sen perxucio da oferta anormal ou desproporcionada referida, procedendo a sumar as puntuacións outorgadas ós diferentes licitadores polo comité de expertos independentes, quedan polo tanto as seguintes puntuacións.

EMPRESAS	PUNTUACIÓN COMITÉ	PUNTUACIÓN SOBRE B)	TOTAL
1.Arquitectura y Gestión Adc Arquitectos, S.L.P.	60,23 puntos	25 puntos	85,23
2.Visier Arquitectos S.L.P. e Adiu, S.L.P.	58,04 puntos	25 puntos	83,04



CONCELLO DE REDONDELA

3. Estudio Técnico Gallego, S.A. e Ingeniería del Noroeste, S.L.	50,30 puntos	25 puntos	75,3
4. Tau Planificación Territorial, S.L. e Taula+Marian Lebo-reiro.	60,57 puntos	20 puntos	80,57
5. Eptisa, Servicios Ingeniería, S.L.	52,45 puntos	24,17 puntos	76,62
6. Planos Estratéxicos Territorias de Transporte e Ambientais (petra) e Dessaurbanismo, S.L.N.E.	49,70 puntos	25 puntos	74,7
7. Arqyur, S.C.	58,22 puntos	25 puntos	83,22
8. Oficina de Arquitectura, Urbanismo y Planificación, S.-L.P. e Cotesa.	47,60 puntos	25 puntos	72,6
9. Proyestegal, S.L. e Dvega Arquitectura, Territorio Medio Ambiente, S.L.	49,75 puntos	25 puntos	74,75
10. Fernández Carballada y Asociados, S.L.P.	59,74 puntos	25 puntos	84,74
11. Estudio Medem, S.A.	39,27 puntos	25 puntos	64,27
12. Jornet-Llop-Pastor, S.L.P.+María Ríos Carballeira + Gabriel Jubete Andreu.	72,07 puntos	21 puntos	93,07

Terceira: a cualificación queda por tanto do seguinte xeito:

EMPRESAS	PUNTUACIÓN TOTAL	POSICIÓN
Jornet-Llop-Pastor, S.L.P.+María Ríos Carballeira + Gabriel Jubete Andreu.	93,07 puntos	1
Arquitectura y Gestión Adc Arquitectos, S.L.P.	85,23 puntos	2
Fernández Carballada y Asociados, S.L.P.	84,74 puntos	3
Arqyur, S.C.	83,22 puntos	4
Visier Arquitectos S.L.P. e Adiu, S.L.P.	83,04 puntos	5
Tau Planificación Territorial, S.L. e Taula+Marian Lebo-reiro.	80,57 puntos	6
Eptisa, Servicios Ingeniería, S.L.	76,62 puntos	7
Estudio Técnico Gallego, S.A. e Ingeniería del Noroeste, S.L.	75,30 puntos	8
Proyestegal, S.L. e Dvega Arquitectura, Territorio Medio Ambiente, S.L.	74,75 puntos	9
Planos Estratéxicos Territorias de Transporte e Ambientais (petra) e Dessaurbanismo, S.L.N.E.	74,70 puntos	10
Oficina de Arquitectura, Urbanismo y Planificación, S.L.P. e Cotesa.	72,60 puntos	11
Estudio Medem, S.A.	64,27 puntos	12

Así mesmo, explícase que ao detectar que a oferta económica presentada por Arquitectura y Gestión Adc Arquitectos, SLP contiña valores anormais ou desproporcionados de acordo co criterio establecido na cláusula 22 do Prego de cláusulas administrativas particulares que reñen esta contratación, se lle concedeu audiencia polo prazo de tres días hábiles para os efectos de que procedese a xustificar a valoración da súa oferta e precisase as súas condicións, e que, transcorrido o prazo conferido, a documentación presentada foi remitida ao arquitecto municipal para valoración. O arquitecto municipal, con data do 19 de novembro de 2014, emitiu o informe que se transcribe a continuación:

“Examinada a documentación presentada por Arquitectura y Gestión Adc Arquitectos, SLP para xustificar os valores anormais ou desproporcionados da oferta económica presentada para a contratación do Servizo de redacción do Plan xeral de ordenación municipal de Redondela, considero que a mesma é suficiente para entender xustificada a valoración da oferta presentada polo licitador.”



CONCELLO DE REDONDELA

Finalmente e á vista do anterior, a Mesa acorda, por unanimidade dos seus membros, remitir o expediente ao órgano de contratación para a adxudicación do contrato e establecer, de conformidade co informe de valoración final emitido polo interventor municipal e para os efectos do disposto na cláusula 26 do Prego, a seguinte clasificación, por orde decrecente, das proposicións presentadas:

- 1º) Jornet Llop Pastor SLP arquitectes, dona María Ríos Carballeira e don Gabriel Jubete Andreu que obteñen un total de 93,07 puntos
- 2º) Arquitectura e Gestión AdC Arquitectos, SLP que obteñen un total de 85,23 puntos
- 3º) Fernández Carballada y Asociados, SLP que obtén un total de 84,74 puntos
- 4º) Arqyur, SL que obtén un total de 83,22 puntos
- 5º) Visier Arqutictos, SLP e ADIU, SLP que obteñen un total de 83,04 puntos
- 6º) TAU Planificación Territorial, SL e TAULA - Marian Leboreiro, SL que obteñen un total de 80,57 puntos
- 7º) Eptisa Servicios de Ingeniería, SL que obtén un total de 76,62 puntos
- 8º) Estudio Técnico Gallego, SA e Ingeniería del Noroeste, SL que obteñen un total de 75,30 puntos
- 9º) PROYESTEGAL, SL e DVega Arquitectura, Territorio, Medio Ambiente, SL que obteñen un total de 74,75 puntos
- 10º) Plans Estratéxicos Territoriais de Transporte e Ambientais, SL (PETTRA) e DESSA Urbanismo, SLNE que obtén un total de 74,70 puntos
- 11º) Oficina de Arquitectura, Urbanismo y Planificación SLP (OAU) e Centro de Observación y Teledetección Espacial, SA (COTESA) que obteñen un total de 72,60 puntos
- 12º) Estudio Medem,SA que obtén un total de 64,27 puntos

A Presidencia dá por rematado o presente acto, sendo as catorce horas e quince minutos da data fixada no encabezamento, para constancia do tratado, redáctase a presente acta, que asino xunto co Presidente, de todo o que, como secretaria, dou fe.”

Efectuado con data do 29 de novembro de 2014 o requirimento a Jornet Llop Pastor, SLP, dona María Ríos Carballeira e don Gabriel Jubete Andreu, segundo o previsto no art. 151.2 do TRLCSP, achegaron a documentación requirida o día 18 de decembro de 2014 e remitiuse ao interventor municipal para que verificase se era completa e bastante conforme ao establecido na cláusula 26 do Prego de cláusulas administrativas particulares.

Examinada a documentación pola Intervención municipal requeriuseelle aos propostos como adxudicatarios que presentasen corrixidos a declaración de todos os membros do equipo de aceptar o rexime de incompatibilidades e o aval que debía facer referencia á lexislación vixente e a que todos os membros da futura UTE responden conxunta e solidariamente. A documentación presentouse no Rexistro Xeral do Concello o día 23 de xaneiro de 2015.

Lido o informe da Intervención municipal con referencia ASR-26.01.15.1, de data 26 de decembro de 2015, que consta de catro páxinas con antecedentes, lexislación aplicable, vinte e seis consideracións e conclusións.

Xa que logo, PROPOÑO ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción dos seguintes ACORDOS

Primeiro.- Declarar a validez da licitación efectuada.

Segundo.- Adxudicar o contrato do Servizo de redacción do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Redondela á UTE formada por Jornet Llop Pastor, SLP co CIF núm.



CONCELLO DE REDONDELA

B64750300 e con domicilio en Gran Vía de les Corts Catalanes, 625, 1er, 2ª, 08010 Barcelona, representada por don Sebastián Jornet Forner co NIF núm. 40915099P, dona María Ríos Carballeira co NIF núm. 32681390T e domicilio na rúa Pracer, 17, 4º, 36202 Vigo, e don Gabriel Jubete Andreu co NIF núm. 35022253S e con domicilio na rúa Les Camelies, 19, 4º, 1ª, 08024 Barcelona, polo prezo de 393.300,00 euros, máis o IVE por importe de 82.593,00 euros, o que fai un total da oferta de 475.893,00 euros, con suxeición estrita ao Pregos de cláusulas administrativa e de prescricións técnicas (xeral e cartografía), aprobados que rexon neste procedemento, e á proposición presentada que inclúe a memoria e plan de traballo, as melloras e os documentos que acreditan a capacidade de dedicación ao traballo e as medidas de participación pública.

Terceiro.- As obrigas económicas que se deriven do contrato financiaranse con cargo á aplicación 1511A/64022 do orzamento do Concello, comprometéndose a dotar adecuadamente as aplicacións que correspondan dos estados de gastos dos orzamentos do Concello dos anos sucesivos para facer fronte as obrigas derivadas deste contrato.

Cuarto.- Designar como responsable do contrato, coas máis amplas facultades de dirección, o arquitecto municipal don .José Romero-Amich Nieto

Quinto.- Seguindo as disposicións do art. 151 do TRLCSP notificarlle esta adxudicación a todos os licitadores e publicala no perfil do contratante da páxina web do Concello de Redondela.

Sexto.- A formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que percorran quince (15) días hábiles a contar dende a data de notificación da adxudicación do contrato aos licitadores. De acordo co establecido no art. 154 do TRLCSP, a formalización do contrato publicarase no perfil do contratante do órgano de contratación, no Diario Oficial da Unión Europea, no Boletín Oficial do Estado, no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia nun prazo non superior a corenta e oito días a contar dende a data de formalización.

Sétimo.- Requirir o adxudicatario para que ingrese nas arcas municipais o importe de 1.385,47 euros correspondentes aos gastos de publicidade da licitación (BOE, DOG e BOP).

Oitavo.- Seralle de aplicación á presente adxudicación o Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e a demais normativa legal de aplicación, quedando sometido o adxudicatario para tratar as cuestións derivadas da adxudicación á xurisdición do domicilio do Concello de Redondela.”

Votación e ditame: A comisión informativa de urbanismo e infraestruturas en votación ordinaria e por maioría dos seus membros presentes, sendo 7 votos a favor (4 do P.P. e 3 do Ps de G-PSOE) e 1 abstención (B.N.G.), estimou oportuno ditaminar favorablemente a precedente proposta.”

INTERVENCIONS

O concelleiro BLANCO PÉREZ di que van votar a favor. Consideran que é unha actuación necesaria que os veciños de Redondela levan moito tempo esperando. Sinala que lles preocupa como vai desenvolverse o plan con todas as afeccións existentes por mor do AVE, aeroporto... etc. Esperan que non cambie a normativa namentres se estea elaborando o plan.

A concelleira PÉREZ ORGE di que o BNG vai darlle a aprobación porque é un acto reglado e por responsabilidade. Sinala que nun PXOM teñen que primar os intereses colectivos por riba dos persoais e pensa que á próxima corporación vaille tocar un duro traballo.

O concelleiro ORGE MÍGUEZ di ao concelleiro de urbanismo que se cando estaban na campaña electoral lle din ao seu electorado que ían traer a adxudicación do plan cando faltaran



CONCELLO DE REDONDELA

dous meses para as eleccións, ían pensar que era un logro bastante pobre. Pregunta cuántas xuntanzas promoveu para establecer as liñas xerais e directrices do plan a fin de trasladárllelas ao equipo redactor. Di que non foron quen de facer este traballo previo en catro anos. Considera que o equipo redactor é solvente e que agora a situación é diferente xa que antes había moi poucos profesionais que quixeran facer este traballo. Votarán a favor e ofrece o seu apoio para sacalo adiante.

O concelleiro GONZÁLEZ BARBEIRO di que agradece os votos a favor e recoñece o atraso porque levanse desperdiciados vinte anos, xa que é o terceiro intento de facer un plan xeral. Indica que o segundo empezou no 2001 e fixéronlle o funeral no 2010, polo que pasaron 9 anos e non foron quen de levalo a cabo. Refírese ao 2007 en que a Consellería non chegou a informar e a pesares diso tampouco quixeron levalo a aprobación inicial. Dí que en xullo de 2011 empezaron a resolver a desfeita e non se chegou ao xulgado grazas á capacidade de negociación do alcalde e resolveuse o contrato anterior no 2012 pagando cartos. Sinala que despois consultaron á Xunta e comenzaron a preparar as bases aínda que o estudo polo comité de expertos levou varios meses.

O concelleiro BLANCO PÉREZ di que están a favor e esperan que o tema vaia para adiante.

A concelleira PÉREZ ORGE di que xa explicaron no seu intre que o BNG non propuxo ningún experto para o comité por unhas declaracións irresponsables do alcalde .

O alcalde, por alusións, pide que retire a calificación de irresponsable, xa que considera que foi un problema de interpretación. A concelleira PÉREZ ORGE di que é a súa apreciación e non a retira.

O concelleiro ORGE MÍGUEZ di que a cuestión foi que lle deu ao alcalde un nome para o comité de expertos e o alcalde interpretou que lle daba un nome para facer o plan. Indica que cando él foi concelleiro de urbanismo chegou a estar en condicións de ser aprobado inicialmente pero despois houbo a moción de censura e aprobou se sen estar ben estudiado. Recoñece que despois o PSOE non sacou o plan pero Reguera pediulle no 2011 que fora na lista para contribuír algo neste tema pero como non gobernan non é lóxico que él responda polo que fixeron outros.

O alcalde pide que conste en acta que o que di o señor Orge en relación ás alusións non é certo.

O concelleiro GONZÁLEZ BARBEIRO insiste en que os gobernos anteriores non foron capaces de aprobar o plan e iso o sabe todo o mundo e califica a súa postura de irresponsabilidade o que fixo que Redondela quedara atrasada no eido do urbanismo. Tamén di que se malgastaron as subvencións que lles deron para elaborar o plan e grazas que non llelas reclaman.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, apróbase a proposta anteriormente transcrita por unanimidade dos/as concelleiros presentes, sendo vinte e un votos a favor (10 do PP, 8 do PsdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER).

6. APROBACIÓN INICIAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DO CONCELLO DE REDONDELA

ANTECEDENTES

Ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local de 23/01/2015 que di:



CONCELLO DE REDONDELA

“Considerando que o Concello de Redondela, carece, a día de hoxe de relación de postos de traballo (en adiante RPT) incumpríndose o previsto no artigo 90.2 da LRBRL e o artigo 74 do EBEP.

Considerando que a pesares de existir un contrato anterior coa Universidade de Santiago en virtude do cal elaborouse unha RPT xa hai catro anos, dita tramitación paralizouse por diversas causas, entre elas a imposibilidade da súa posta en práctica por mor das limitacións derivadas das sucesivas normativas orzamentarias que impedían unha reconsideración global das retribucións dos empregados públicos.

Resultando que a fin de desbloquear a situación encomendouse a redacción dunha nova RPT á entidade EOSA a fin de obter un novo documento susceptible de tramitación dentro do marco legal de aplicación ao abeiro do artigo 90.2 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Considerando o Informe de Secretaría 175/2014 referente ao procedemento a seguir e á lexislación aplicable no trámite de aprobación da Relación de Postos de Traballo (RPT).

Considerando que por parte de EOSA se entregou o proxecto de RPT que foi tratado na Mesa de Negociación do día 11.12.2014 na que se emitiu informe favorable para a continuación do procedemento e aprobación definitiva no seu caso.

Vistos os informes de intervención e secretaría obrantes no expediente, e no uso das atribucións que me confire o artigo 21 1 h) da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, teño a ben propor ao pleno do Concello, previo ditame da comisión informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local, a adopción dos seguintes acordos:

1. Levantar, en base ao indicado no informe de secretaría 15/2015, o reparo formulado polo interventor no seu informe ASR-19.01.15.1
2. Aprobar inicialmente a Relación de Postos de Traballo do Concello de Redondela, en base á proposta formulada por EOSA, ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN SA, que obra no expediente.
3. Expoñer ao público dita relación, durante o prazo de quince días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

A relación considerarase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

4. Unha vez aprobada definitivamente, a Relación de Postos de Traballo publicarase no Boletín Oficial da Provincia e remitirase unha copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma. Igualmente procederase a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, xunto co resumo do orzamento”

Votacións e dictame: A comisión informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local, en votación ordinaria, e con 4 votos a favor (4 do PP) e a abstención dos demais partidos,(3 do PSG-PSOE e 1 do BNG, e 1 abstención da AER), estimaron oportuno dictaminar favorablemente a proposta.

INTERVENCIÓNS

O concelleiro BLANCO PÉREZ di que na comisión explicóuselles como era a anterior RPT que fixo a Universidade de Santiago e, en principio, era mellor pero agora o que se fai é plasmar o que hai xa que o hándicap é que non se pode contratar persoal e aquela RPT contemplaba a contratación de máis persoal. Vanse a abster xa que o fundamental é o



CONCELLO DE REDONDELA

desenvolvemento da RPT e hai que esperar a que se cambie a lei que impide novas contratacións.

A concelleira PÉREZ ORGE di que é certo que a RPT é unha das asignaturas pendentes do Concello e que o anterior goberno presentou unha bastante ambiciosa que non podía levarse a cabo polas restriccións orzamentarias a contratar persoal e incrementar as retribucións do persoal existente. Indica que aquela RPT atendía ás necesidades do Concello e refírese ao informe de intervención e parécelles ben que os traballadores cobren unha media de 136,11 € máis ao ano. Califica de “light” esta relación pero estima que o aval da representación sindical é importante e agradece aos representantes dos traballadores a súa xenerosidade xa que aparcan outras reivindicacións para aprobar esta RPT co obxectivo de que o Concello funcione mellor. Están a favor, aínda que lles gustaría que se eliminasen as restriccións orzamentarias para poder cambiala.

O concelleiro CABALEIRO COUÑAGO di que isto vai a ser un instrumento adecuado para ordenar o traballo do persoal público e acepta que non é fácil. Indica que afortunadamente non se aprobou a RPT anterior xa que houbo control de gasto no capítulo I. Dí que a outra a fixo unha entidade pública e esta unha empresa privada. Agradece tamén o esforzo dos sindicatos. Van a votar a favor.

A concelleira ALONSO ALONSO di que agradece o apoio e que se trata de por andar algunhas cousas que estaban estancadas. Aínda que non sexa a mellor é un paso importante.

VOTACIÓN E ACORDO

En votación ordinaria, o asunto é aprobado por maioría dos/as concelleiros/as por vinte votos a favor (10 do PP, 8 do PsdeG-PSOE e 2 do BNG) e unha abstención (1 de AER).

7. APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA PLANTILLA DE PERSOAL

ANTECEDENTES

Dictame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local da súa sesión de 23/01/2015 que se transcribe a continuación:

“Informe da Secretaría municipal de data 05 de xaneiro de 2015, que transcrito di:

Emítase o presente a requerimento do alcalde e en cumprimento do establecido no artigo 3.a) do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional en relación ás alegacións presentadas sobre o acordo adoptado polo pleno do Concello o 30.10.2014 sobre modificación do cadro de persoal do Concello.

I. Antecedentes

En relación ao expediente emitiuse informe 149/2014 pola asinante, no cal me ratifico.

Adoptado polo pleno do Concello o 30.10.2014 acordo de aprobar inicialmente a modificación do cadro de persoal ao servizo do Concello de Redondela substituindo a praza de auxiliar administrativo (de carácter laboral) adscrita ao conservatorio por unha praza máis (xornada de 20 horas semanais) de auxiliar administrativo na plantilla de funcionarios de carreira de administración xeral, e publicado o correspondente anuncio no BOP nº 228 do 25.11.2014, presentáronse dúas alegacións por parte da Federación de Servizos Públicos de UGT (UGT) e de MARIA AMPARO DOCAMPO LÓPEZ, a persoa que ocupa actualmente dita praza con carácter interino, alegacións que se informan no presente.



CONCELLO DE REDONDELA

As alegacións de UGT sinalan entre outras cousas o incumprimento do disposto no artigo 37.1 c) e l) da LEBEP en canto a que son obxecto de negociación as normas que fixan os criterios xerais en materia de acceso, carreira, provisión, sistemas de clasificación de postos de traballo e planes e instrumentos de planificación de recursos humanos así como os criterios xerais sobre ofertas de emprego público. Consideran tamén, nas súas alegacións que a praza debe reservarse para o oportuno proceso de consolidación de emprego nos terminos da disposición transitoria cuarta da LEBEP e que a praza non se pode crear por mor das limitacións establecidas polas disposicións orzamentarias que impiden a incorporación de novo persoal ao servizo da administración.

A alegante, MARIA AMPARO DOCAMPO LÓPEZ, coincide basicamente nas anteriores alegacións engadindo a relativa a súa condición de persoal laboral indefinido por atoparse actualmente contratada en fraude de lei de acordo co previsto no artigo 15.3 do Estatuto dos Traballadores.

II. Lexislación aplicable

Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).

Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL)

Lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (LEBEP)

III. Consideracións xurídicas

a) En canto ao posible defecto pola falla de negociación da modificación aprobada cómpre sinalar que os alegantes, por unha banda, si admiten que por parte do Concello se lles comunicou dita proposta de modificación na xuntanza do 23.10.2014 aínda que consideran que non se produxo unha negociación propiamente dita. A cuestión, por outra banda, volveuse a tratar na xuntanza da mesa de negociación do 16.12.2014, polo que quedaría subsanado calquer defecto ao respecto. Isto, con independencia de que resulta dubidoso que a proposta poida encadrarse dentro dos supostos negociables previstos na LEBEP que refírese a criterios xerais e non a cuestións estrictamente puntuais, como é o caso ao abeiro do previsto no artigo 37.2 que exclue expresamente da negociación a regulación e determinación concreta, en cada caso, dos sistemas, criterios, órganos e procedementos de acceso ao emprego público e a promoción profesional

b) En canto á alegación sobre o feito de que a praza deba reservarse para un proceso de consolidación de emprego, cómpre sinalar que como ben coñecen os representantes sindicais (entre eles os pertencentes ao sindicato alegante) o Concello de Redondela ven desenvolvendo na práctica dende hai anos un proceso de consolidación de emprego resolvendo situacións de encadenamento de contratos temporais coa conseguinte creación de prazas fixas de plantilla, inclusión nas sucesivas ofertas de emprego público e conseguinte convocatoria. Por iso, como xa indiquei e figura no acordo adoptado, a modificación entrañaría a necesaria modificación da oferta publicada no BOP do 28.10.2013 e que debería desenrolarse no prazo improrrogable de tres anos.

c) Por outra banda e con independencia do anterior, a disposición transitoria cuarta da LEBEP sinala que as administracións públicas poderán efectuar convocatorias de consolidación de emprego a postos ou prazas de carácter estrutural, polo que dita disposición non ten en ningún caso carácter imperativo para o Concello de Redondela . O apartado 2 da mesma disposición existe tamén que os procesos selectivos garantan o cumprimento dos principios de igualdade, mérito e capacidade .

d) Como se sinalou no anterior informe, a partir da aprobación do orzamento municipal do ano 2010 produxose a extinción do organismo autónomo do Conservatorio/Escola de Música, subrogándose a todos os efectos o Concello do persoal contratado polo mesmo. O réxime de



CONCELLO DE REDONDELA

dito persoal, tal e como correspondía aos organismos autónomos era laboral. Entre as prazas de persoal que por dita circunstancia pasaron a integrar a plantilla do persoal ao servizo do Concello e aparte das correspondentes aos docentes, atópase unha de auxiliar administrativo con xornada parcial (20 horas semanais). Nembargantes, e por canto se está prantexando a convocatoria regulamentaria de dita praza, antes da súa cobertura resulta doado axustala ás prescricións normativas de aplicación a fin de non perpetuar no tempo unha situación anómala con respecto ao resto das prazas de auxiliares administrativos incluídas na plantilla do persoal ao servizo do Concello con carácter funcional. Dito carácter derivase do preceptuado no artigo 167 do TRRL que establece como pertencentes á escala de funcionarios de administración xeral aos auxiliares administrativos por canto de conformidade co artigo 169 da mesma norma desempeñan funcións comúns ao exercizo da actividade administrativa. Dito extremo ratifícase tamén polo previsto no artigo 9.1 do EBEP.

e) Como tamén informei e con respecto á situación concreta da alegante MARIA AMPARO DOCAMPO LÓPEZ a súa situación non ten por qué experimentar ningún cambio ata tanto se proceda a proveer a praza con carácter definitivo, se ben a interesada podería optar por acollerse a un nomeamento interino con cargo a nova praza de acordo co previsto no artigo 10 1 a) do EBEP. Nese caso desaparecería da plantilla a praza de auxiliar administrativo adscrita ao conservatorio. En caso de permanecer como ata agora a praza laboral figuraría como a extinguir ata o intre en que se cubra a mesma praza da plantilla de funcionarios ao servizo do Concello. Deste xeito non se produciría o incumprimento da normativa presupostaria nos terminos sinalados na alegación da UGT xa que se está a falar non dunha praza nova senón da que se atopa incluída nunha oferta pública de emprego anterior que, simplemente se axustaría, coas mesmas características, á legalidade sen producirse ningún incremento orzamentario por este motivo.

IV. Conclusións

En virtude do que antecede teño a ben propor a aprobación definitiva da modificación aprobada inicialmente o 30.10.2014 polo pleno do Concello.”

Votacións e dictame.- A comisión informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local, en votación ordinaria, e con 4 votos a favor (4 do PP) e a abstención dos demais partidos,(3 do PSG-PSOE e 1 do BNG, e 1 abstención da AER), estimaron oportuno dictaminar favorablemente a proposta.

INTERVENCIÓNS

O concelleiro BLANCO PÉREZ di que se van abster.

A concelleira PÉREZ ORGE di que votaron a favor no pleno de outubro, partindo da base que están de acordo en funcionalizar ás prazas que sexa posible aínda que pregunta ao alcalde se falou coa persoa afectada. Vista a alegación presentada e visto o informe e por coherencia van votar a favor.

O concelleiro CABALEIRO COUÑAGO di que o PSOE aposta pola estabilidade no emprego e manteñen a súa abstención.

A concelleira ALONSO ALONSO di que se trata de non perpetuar no tempo unha situación anómala.

A concelleira PÉREZ ORGE di que a contratación fíxose laboralmente porque era para un organismo autónomo e ao asumilo o Concello é normal que sexa funcionario aínda que saben que hai unha persoa prexudicada e dende este punto de vista son valentes.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as presentes, sendo doce votos a favor (10 do PP e 2 do BNG) e nove abstención (8 do PsdeG-PSOE e 1 de AER).



CONCELLO DE REDONDELA

8. PROPOSTA PARA DENOMINAR UN ESPAZO PÚBLICO COMO “PRAZA RITA OTERO”

ANTECEDENTES

Visto o ditame da Comisión Informativa de Interior da súa sesión do 23/01/2015 que di:

“Examinado o escrito presentado neste Concello pola FUNDACIÓN FILOMENA RIVERO ALONSO, do tenor literal seguinte:

“No desexo de que o pleno do Concello de Redondela otorgue o nome dun espazo público a RITA OTERO polo seu papel fundamental na transformación da sociedade Redondelá do S.XX o Patronato da Fundación Filomena Rivero Alonso propón como alternativa que o espazo que vai den o Pazo de Santa Teresa, levando este o número 1, ata a Rúa José Regojo, leve o nome de Praza de Rita Otero, por estar este lugar vencellado de cheo a vida da homenaxeada.”

O Sr. Presidente ven en propoñer que o tramo da Rúa Padre Sarmiento que vai dende a Rúa José Regojo ata a rúa Padre Crespo, nomeala como “Rúa Rita Otero”.

Intervencións (...)

A Comisión informativa de Interior, en votación ordinaria e por maioría dos Señores/as asistentes, acorda co voto en contra do Sr. González Campo, e a abstención dos Señores/as Cabaleiro Couñago, Rivas Gómez, García Míguez e Blanco Pérez, propor ao Concello Pleno que o tramo da Rúa Padre Sarmiento comprendido entre as Rúas José Regojo e Padre Crespo, veña a denominarse “Rúa Rita Otero”.

INTERVENCIÓNS

O concelleiro BLANCO PÉREZ di que van votar en contra. Consideran que a solidariedade está por riba da caridade. Lee un texto relacionado coas mulleres de Redondela que axudaron aos presos da illa de San Simón.

A concelleira PÉREZ ORGE di que o expediente estaba practicamente baleiro e non mira ningún so argumentario para avalar a proposta por parte da fundación Filomena Rivero .Dí que o Concello non pode premiar a calidade cristiana, ou o feito de que esta persoa axudara aos pobres de Redondela. Non están de acordo na valoración que fai o goberno xa que estima que é preciso premiar outros comportamentos. Van votar en contra.

O concelleiro CABAILEIRO COUÑAGO di que botan de menos que haxa unha ordenanza que regule a rotulación e o nomeamento das rúas de Redondela. Pensa que é mellor por topónimos que nomes de persoas. Non se consideran quen para dicir que Rita Otero non mereza unha rúa xa que foron os diferentes colectivos os que propuxeron nomeala como persoeiro do ano. Pide que se facilite os trámites do cambio aos veciños. Vanse abster.

O concelleiro GONZÁLEZ BARBEIRO refírese a unha das asociacións que propuxeron a Rita Otero e non hai ningunha referencia á súa relixiosidade senón ao feito de que loitou para que o seu home trouxera para aquí a súa industria, circunstancia que cambiou a vila e que axudou aos represaliados...etc e hai que miralo no contexto daqueles tempos nos que os valores eran outros.

O concelleiro BLANCO PÉREZ di que manteñen o seu voto. A estes efectos, o feito de traer unha industria a Redondela non lle parece relevante.

A concelleira PÉREZ ORGE di que o BNG buscou información cando lla propuxeron como redondelana distinguida. Dí que se o señor Regojo trouxo a fábrica a Redondela foi por uns amigos empresarios que lle dixeron que aquí había oportunidade e incluso no seu libro sinala que dixo que non sabía cómo o ía tomar a súa muller, que estaba contenta en Lisboa. Pensa que non é un tema de valentía e solidariedade xa que as verdadeiras valentes eran as que ían axudar



CONCELLO DE REDONDELA

aos presos sen ter nada e o de Rita Otero segue a ser caridade. Non entende a postura dos socialistas xa que hai outras institucións que premian estas cousas, como o Vaticano ou a Conferencia Episcopal.

O concelleiro CABALEIRO COUÑAGO di que un dos criterios pode ser por nomes de persoeiros e neste caso é algo que lle veu dado á corporación por un colectivo cidadán.

VOTACIÓN E ACORDO

O asunto sométese a votación, resultando aprobado por maioría dos/as concelleiros presentes, sendo dez votos a favor (10 do PP), tres votos en contra (2 do BNG e 1 de AER) e oito abstencións (8 do PsdeG-PSOE).

Promovida a votación sobre a urxencia dun asunto que se presenta fóra da orde do día, o concello pleno, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda a súa inclusión e debate.

FORA ORDE DO DÍA: RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 2.257,00 €

ANTECEDENTES

Ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local da súa sesión de 23/01/2015, que transcrita di:

“Vista a proposta da Presidenta da Comisión de data 21 de xaneiro de 2015, que transcrita di:

Vistos os diversos gastos do Concello de Redondela que non figuran na contabilidade municipal ao corresponder a gastos pendentes do seu recoñecemento xudicial ou extraxudicial.

A intervención municipal emitíu o preceptivo informe de carácter negativo de data 21.01.15, así como certificación de existencia de crédito.

A súa vez prevese que a aprobación, se procede, deste recoñecemento extraxudicial non vai supor limitación na execución dos gastos a impartir este ano.

Coa finalidade de non causar quebrantos económicos a terceiros, evitar enriquecementos inxustos para o Concello de Redondela, e poder contabilizar e posteriormente pagar diversos gastos.

Vendo que nalgúns casos tal como establece o informe do Interventor que gastos correspondentes a anos anteriores foran facturados no ano 2014 foi como consecuencia do retraso na facturación dos terceiros.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Proceder ao levantamento do reparo do informe da intervención baseado en que procedese a aprobar gastos esixibles ao Concello.

Segundo.- Recoñecer extraxudicialmente gastos por importe total de 2.257,00 euros, distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2015:

<u>Terceiro</u>	<u>Data do recibo</u>	<u>Nº do recibo</u>	<u>Euros</u>	<u>Partida</u>
Comunidade traída de augas Río das Cabras	30.12.14	Recibo	2.200,00	3331A22101
Comunidade traída de augas Río das Cabras	30.12.14	Recibo	57,00	3331A22101

Votacións e dictame.- A comisión informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local, en votación ordinaria, e con 8 votos a favor (4 do PP, 3 do PSG-PSOE e 1 do BNG) e con 1 abstención da AER, estimaron oportuno dictaminar favorablemente a proposta.”



CONCELLO DE REDONDELA

VOTACIÓNS E DITAME

Posteriormente, o asunto en cuestión sométese a votación dos/as concelleiros/as presentes que o aproban tamén por unanimidade, sendo viente e un votos a favor (10 do PP, 8 do PsdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER).

9 ACTIVIDADES DE CONTROL DO PLENO

9.1 DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Dáse conta das resolucións de alcaldía dende o día 5 de decembro de 2014 ata o 19 de xaneiro de 20145

O pleno do Concello queda informado.

9.2 MOCIÓNS

9.2.1 MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

ANTECEDENTES

Moción presentada polo grupo municipal do PP o día 12/12/2014, con número de RXE 2014018676 que se transcribe a continuación:

“O 9 de decembro de 2013 aprobouse polo parlamento a Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Dende entón, a FEMP, a través da súa comisión executiva, aprobou por unanimidade de todos os grupos políticos o “Código do bo goberno local”, que recolle os principios da transparencia e ética pública, xunto con medidas para mellorar e xestionar a calidade da democracia local.

Dende o Partido Popular de Redondela, cremos que a transparencia, o acceso á información pública e as normas do bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política, polo que apoiándonos na Lei 19/2013, publicada no BOE do 10/12/2013, e dado que temos un prazo de dous anos dende a súa aprobación para aplicala no noso Concello, consideramos que sería beneficioso alcanzar o consenso para a súa aplicación e implementación no Concello de Redondela.

Por todo os motivos expostos, o grupo municipal popular, proponlle ao pleno da corporación municipal a adopción dos seguintes asuntos:

1. Desenvolver as actuacións necesarias para a aplicación da Lei de Transparencia 19/2013, entre as que se procederá a elaborar un regulamento local no que se contemplan todas as obrigas que conleva dita aplicación.
2. Que a Comisión de Interior sexa o órgano regulador, no que os grupos políticos debatan e ao que presenten as súas propostas para chegar aos acordos que procedan.

INTERVENCIONS

O concelleiro BLANCO PÉREZ di que se felicitan a pesares de que se rexeitaran neste pleno propostas que fixo o seu grupo en relación á cuestión. A tal efecto le unha moción do 31 de xullo. Considera que debía ser a comisión de Facenda a encargada tendo en conta que a meirande parte da lei trata de cuestións de contratación ou económicas.

A concelleira PÉREZ ORGE di que lle parece criticable que esta moción a presente o PP polo cinismo político que supón pretendendo un lavado de cara, cando está a aprobar leis moi represivas a nivel estatal e ten uns casos enormes de corrupción como o Gürtel ou o caso



CONCELLO DE REDONDELA

Bárceas. Ten claro que o PP non está pola transparencia e esta moción é oportunista e electoralista. Van votar en contra.

O concelleiro ORGE MÍGUEZ di que esta moción ten un obxectivo publicitario xa que se saca a uns meses das eleccións aparecendo como adalid da transparencia e a participación cousa que non é real. Dí que o PP debería dicir que é necesario que haxa máis persoal e, polo tanto, que quedara sen efecto a lei que impide contratar máis persoal xa que co existente ao mellor non se poden cumprir os requirimentos de transparencia Non van a votar en contra.

A concelleira ALONSO ALONSO di que a lei é a 19/2013 foi aprobada despois de que o presidente socialista non a aprobara con anterioridade incumprindo o seu programa e para amosalo le unha noticia aparecida na prensa. Sinala que lles toca sempre ir solventando as deficiencias que deixaron outros. No caso de Redondela pon como exemplo que non se retransmitían os plenos e se daba información aos grupos moi xustiña e non había participación nos orzamentos. Está de acordo en que se faga unha comisión específica.

O concelleiro BLANCO PÉREZ di que están de acordo en que non sexa unha comisión específica. Confía en que vaia adiante. Pon como exemplo o portal da transparencia de Torrejón de Ardoz.

A concelleira PÉREZ ORGE insiste en que é unha moción electoralista para presentar unha situación idílica que non é real, xa que se o Concello é tan transparente non fai falla que aproben a moción. Parécelle un brindis ao sol porque temen que os resultados electorales sexan malos.

O concelleiro ORGE MÍGUEZ di que se é todo tan transparente, esta moción non tería sentido. Sinala que non se da resposta ás solicitudes de información presentadas polo seu grupo, ceais por falta de personal. Pensa que o obstáculo vai ser ese.

A concelleira ALONSO ALONSO di que cando se fala de máis transparencia xa se recoñece que algo hai. Queren deixar o traballo feito para calquer partido que governe. Tratan de cumprir unha normativa legal.

VOTACIÓN E ACORDO

Antes da votación, acórdase modificar o texto do segundo acordo proposto en canto a que o órgano regulador e no que os grupos políticos debatan e ao que presenten as súas propostas para chegar aos acordos que procedan non sexa Comisión de Interior, senón que se cree unha comisión específica con representación de todos os grupos políticos.

O novo texto da moción é sometido a votación, aprobándose por dezanove votos a favor (10 do PP, 8 do BNG e 1 de AER) e 2 votos en contra (2 do BNG).

9.2.2 MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A MODIFICACIÓN DAS CONDICIÓNIS DE ADHESIÓN A SOGAMA

ANTECEDENTES

Moción que presenta o BNG o día 23/01/2014 con número de rexistro 2014019299 que se transcribe a continuación:

“A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas vén de publicar a Resolución do 15 de decembro, pola que se establecen as condicións para a adhesión ao sistema promovido pola administración autonómica para a xestión institucional de residuos domésticos.

A devandita disposición é consecuencia da subida unilateral do cánon satisfeito polos Concellos polo tratamento do lixo que se encomenda a SOGAMA, un incremento que tivo contestación



CONCELLO DE REDONDEIRA

por parte de moitos concellos da Galiza, ao ser unha medida unilateral imposta nunha norma orzamentaria sen negociación previa.

Para alén disto, o tempo demostrou non seren certas as cifras que se manexaban para argumentar unha suba absolutamente desproporcionada dentro dun sistema que nin tan sequera cumpre os criterios básicos de respecto aos mínimos criterios ambientais que os concellos deben esixir e que a sociedade demanda.

O desenvolvemento da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para 2014 vén a profundizar no talante autoritario amosado polo Goberno galego neste conflito, ao impor agora unilateralmente, en comanda con SOGAMA as novas condicións de adhesión ao sistema de tratamento de lixo, sen sequera ter comunicado, e moito menos negociado, as “novas” condicións cos concellos afectados.

Estamos, pois, perante unha actuación desafortunada, que violenta non só o principio de autonomía local, senón a imposición dunhas novas condicións sen ningún tipo de diálogo e acordo coas entidades locais. De feito, nin tan sequera esta modificación se negociou e pactou coa FEGAMP.

As competencias en materia de xestión de residuos municipais, como a propia resolución reconece na exposición de motivos, exércense en cooperación coas entidades locais.

Xa que logo, ao non tratarse dun servizo cuxa responsabilidade se atribúe a unha única administración, o establecemento das condicións para a súa prestación, e das relacións entre os distintos operadores do sistema, teñen que ser previamente consultadas e negociadas.

Neste caso, os concellos tiveron coñecemento polos medios de comunicación e o Diario Oficial de Galiza que, en apenas no prazo de dous meses, teñen que formalizar as novas condicións de adhesión ao sistema de xestión de residuos de SOGAMA. E estas novas condicións realízanse baseándose nunha disposición normativa aprobada nunha lei orzamentaria “exprés” sen que existise un consenso previo mínimo coas entidades locais.

Ademais, o novo modelo substitúe aos convenios vixentes, que foran consensuados e negociados e cada caso concreto, e incorpora aspectos que inciden na arbitrariedade e persecución, algo intolerable nun réxime democrático baseado na lealdade e no respecto institucional.

Outorga a SOGAMA un papel preponderante á hora de interpretar os contratos e determinar a esixencia das futuras débedas, ao ser o seu requirimento o que habilita a retención dos importes ao fondo de Cooperación Local.

Dese xeito, o propio órgano encargado da xestión do Fondo convértese en simple instrumento recadador de SOGAMA, sen que os concellos poidan acudir a ningún mecanismo de resolución de conflitos no caso de estimaren abusiva a facturación de SOGAMA.

Neste caso, ademais, xa se está a anunciar a aplicación de medidas concretas contra determinados concellos que, por fórmulas democráticas e legais, discuten este modelo de adhesión e subas unilaterias, polo que estamos ante unha versión anovada de persecución e caza de bruxas.

En suma, o goberno galego persiste en identificar a viabilidade do sistema de xestión de residuos coa supervivencia económica de SOGAMA, no canto de estudar alternativas que superen un modelo caduco, tanto pola súa insolvencia económica como ambiental.

Para o BNG, a Xunta deberá estar nestes momentos traballando para fomentar alternativas a SOGAMA e colaborar e dialogar neste ámbito. Pola contra, comprobamos como pretenden continuar coas imposicións autocráticas e intentan frustrar as alternativas que neste ámbito puideran xurdir.



CONCELLO DE REDONDELA

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do pleno da corporación municipal de Redondela a adopción do seguinte **ACORDO**:

Punto 1: Interpor un recurso contencioso-administrativo contra a Resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 15 de decembro, pola que se establecen as condicións para a adhesión ao sistema promovido pola administración autonómica para a xestión institucional de residuos domésticos, solicitando a suspensión cautelar desta en tanto non haxa un pronunciamento xudicial firme.

Punto 2: Instar ao Goberno galego a restaurar o diálogo e ao respecto da autonomía local no funcionamento de SOGAMA

Punto 3: Instar ao Goberno galego a colaborar economicamente cos concello de Galiza que pretendan impulsar tratamentos alternativos con SOGAMA e que estean baseados no fomento da reciclaxe fronte á icineración.

INTERVENCIÓNS

O concelleiro BLANCO PÉREZ di que van votar a favor.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que o PP fai estas cousas: sacar con alevosía a finais de decembro, cando a xente está de vacacións, unha resolución como esta, sen negociala. Califica este sistema de autoritario e sinala que o fai sen consultar e convertindo a SOGAMA en auténtica recadadora. Indica que as diputacións tampouco aportan nada.

O concelleiro ÁLVAREZ BALLESTEROS di que se trata dunha adhesión voluntaria aínda que poden estar de acordo con algúns aspectos da moción. Pregunta qué se fai co lixo se non queremos SOGAMA. Non ten claro que se poida prantexar o contencioso-administrativo. Dí que os concellos téñenlle que pagar a SOGAMA.

A concelleira PÉREZ ORGE di que é unha voluntariedade obrigatoria xa que a Xunta montou SOGAMA cun criterio económico. Dí que tratan de que se pare esa resolución e a Xunta se sente a negociar e que o BNG sempre defendeu un modelo alternativo que se botou a baixo porque logo viñeron gobernos do PP.

O concelleiro BLANCO PÉREZ di que se non hai outra opción non se pode falar de voluntariedade.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que o problema básico é a falta de negociación. Sinala que queren blindar a SOGAMA antes das eleccións.

A petición do alcalde, a secretaria informa de que non ve clara a viabilidade de prantexar un recurso contencioso-administrativo por parte da corporación e que, en calquera caso, non ten por qué supor a paralización da resolución. Indica que dita resolución baséase nunha disposición contida na lei de orzamentos autonómica, non recorrida, e establece unha prestación voluntaria polo que de plantexar o recurso o Concello, podería ter que afrontar as custas do proceso sen moitas garantías de éxito.

O concelleiro ÁLVAREZ BALLESTEROS di que SOGAMA non o asinaron eles xa que hai moitos anos que o Concello se adheriu . Pide que presenten algunha alternativa.

A concelleira PÉREZ ORGE di que a moción non pretende decidir se sae ou entra de SOGAMA xa que isto non o pode resolver un concello pola súa conta. Considera que a decisión da Xunta é arbitraria e trata de perseguir aos concellos que non queren pagar o cánon nestas condicións.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que á vista do informado pola secretaria piden que se vote por puntos e se absterían do primeiro.

A concelleira PÉREZ ORGE di que accede a que a votación se realice sobre cada punto por separado.



CONCELLO DE REDONDELA

VOTACIÓN E ACORDO

Promovida a votación por puntos, resultan os seguintes acordos:

Punto 1: rexéitase maioría dos/as concelleiros/as por dez votos en contra (10 do PP), oito abstencións (8 do PsdeG-PSOE) e tres votos a favor (2 do BNG e 1 de AER).

Punto 2: apróbese por maioría dos/as concelleiros, sendo once votos a favor (8 do PsdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER) e dez votos en contra (10 do PP).

Punto 3: Este punto é aprobado por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes.

9.2.3 MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O SUBMINISTRO ELÉCTRICO NO CONCELLO DE REDONDELA

ANTECEDENTES

Moción presentada polo grupo municipal do BNG o día 23/01/2015 con número de entrada 2015000723 que se transcribe a continuación:

“Dende hai décadas a empresa Fenosa, máis tarde Unión Fenosa, e actualmente Gas Natural Unión Fenosa, encargouse da xeración e distribución de enerxía eléctrica en Galiza, e en grande parte do Estado Español.

Fenosa, créase a mediados dos anos corenta, dunha fusión forzada entre dúas empresas do sector, da Coruña: Fábrica de Gas y Electricidad, propiedade de Pedro Barrié, e de Electra Popular Coruñesa, propiedade de José Miñones, fusilado pola súa simpatía coa República.

Eran os tempos da dictadura, facéndoselle encargo a esta empresa de xerar e distribuír a eletricidade. A pesares desta encomenda, non foi ata ben entrados os anos oitenta, que se conseguiu unha “total distribución en Galiza” do subministro eléctrico.

As diferentes fusións, que culminaron no ano 2009 coa creación de Gas Natural Unión Fenosa, constitúen un dos paradigmas de deslocalización máis evidentes de empresas creadas orixinariamente en Galiza.

Redondela, tén sufrido a pegada de Unión Fenosa dende hai décadas. Os montes do concello están atravesados por numerosas liñas eléctricas, sendo paradigmático o caso da parroquia de Quintela, cruzada por varias de media e alta tensión. Ou o caso dun espazo de alto valor arqueolóxico, como o de Monte Penide, onde a instalación das torretas esgazou algúns petróglifos da zoa. No casco urbán de Redondela, Cesantes, Chapela, existen numerosas instalacións, que na actualidade áchanse mal ubicadas.

Xa en xullo de 2014, dende o Bloque Nacionalista Galego, denunciouse un importante corte de subministro que afectou ás parroquias de Saxamonde e Negros, e parte de Quintela, Vilar e Cabeiro. Solicitouse información ao goberno municipal sobre os motivos, e dilixenzas tomadas, sen que houbera ningún tipo de resposta. En novembro do mesmo ano, volveu a producirse un novo fallo, afectando neste caso, a unha importante parte do casco urbán de Redondela, Reboreda e Cesantes. Como daquela, a calada foi a resposta do goberno municipal, ante as demandas de explicacións.

No 2015, as cousas parece que van seguir polo mesmo camiño. O domingo 17 de xaneiro, producíronse varios fallos no subministro afectando a vivendas e alumeadado público na parroquia de Saxamonde. Restableceuse para as casas, manténdose o público sen luz toda a noite, nos barrios de O Souto e Padrón. Na noite seguinte volveu a producirse un novo corte que afectou durante uns minutos a grande parte de Saxamonde, Quintela, Negros e Cedeira.

Segundo a lexislación actual a continuidade no subministro vén determinada polo número e a duración das interrupcións. As interrupcións poden ser imprevistas ou programadas, para



CONCELLO DE REDONDELA

permitir a execución de traballos programados na rede, en cuxo caso os consumidores e consumidoras deben ser informados dos mesmos.

A determinación da continuidade do subministro, determinado polas interrupcións do mesmo, baséase en dous parámetros: o tempo de interrupcións e o número de interrupcións. A empresa estará obrigada a que as interrupcións non superen os tres minutos, para o cal debe xestionar diversas compensacións.

O concello de Redondela, cuarto concello da provincia, recibe un servizo moi deficiente no subministro elétrico, sen que o goberno municipal estea á altura das circunstancias, gardando silencio, e deixando correr o tempo.

O concello de Redondela, e os veciños e veciñas, pagan escrupulosamente os recibos da empresa Gas Natural Unión Fenosa. Os usuarios e usuarias, e o propio Concello, deben sufrir as continuas subas e baixas no recibo da luz, sen poder facer nada.

Como cuarto concello da provincia, constitúe esta unha situación moi deficiente, á que se lle debe poñer solución de xeito inmediato.

Por todo isto, o Grupo Municipal do BNG, propón ao Pleno da Corporación de Redondela, a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Instar a que o alcalde de Redondela, exixa da empresa Gas Natural Unión Fenosa, a resolución definitiva dos continuos cortes de enerxía eléctrica.
2. Exixir do alcalde do Concello de Redondela, que negocie coa empresa Gas Natural Unión Fenosa, medidas compensatorias para os cortes no subministro.
3. Instar a que o alcalde de Redondela poña en marcha todos os mecanismos, nos que se informe a veciños e veciñas dos modelos de reclamación por fallos no subministro nas vivendas.”

INTERVENCIONS

O concelleiro BLANCO PÉREZ di que está a favor aínda que dubida que haxa funcionarios disponibles para verificar o proposto no punto 3.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que está de acordo xa que efectivamente houbo bastantes cortes e hai moitas parroquias afectadas. Indica que cando gobernaron fixeron o soterramento de varias liñas de alta tensión cos fondos Feder e tiñan outros proxectados.

O concelleiro ÁLVAREZ BALLESTEROS di que non lle parece axeitado o tono da moción e que as torretas do Monte Penide levan moitísimos anos e a pesar diso non lle compraron ningún polímero aos electricistas do Concello, nin repuxeron os cadros eléctricos nin colocaron limitadores nas farolas. Admite que pode haber problemas de potencia nalgúñas zonas. O posibles reclamantes poden dirixirse a oficina de consumo.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o encabezamento da moción sobre a historia de Fenosa o sacou da Wikipedia. Sinala que os cortes de suministro non eran tan frecuentes hai uns anos e que o Concello paga máis de 600.000 euros ao ano a Fenosa sen que o servizo sexa o axeitado. Indica que a pobreza enerxética afecta a moitas familias xa que as aportacións dos usuarios incrementáronse nun 50%. Se os veciños van a consumo quere dicir que o alcalde non vai a mover un dedo por eles. Pode publicarse un bando coas instrucións para reclamar.

O concelleiro REGUERA OCAMPO pregunta se estamos ao día con Fenosa e pensa que o de Redondela non debe nada. Indica que nas vivendas tamén hai falta de luz.

O concelleiro ÁLVAREZ BALLESTEROS di que cando lle falla o teléfono reclama e non lle pide ao alcalde que lle faga a xestión polo que considera que cada un ten as súas competencias. Non entende o das medidas compensatorias.



CONCELLO DE REDONDELA

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o concelleiro de medio ambiente amosa a sumisión do Concello ante unha gran empresa sen ter en conta aos veciños afectados e as medidas compensatorias poden chegar a unha porcentaxe de facturación anual.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a moción a unha primeira votación, resultan dez votos en contra (10 do PP) e dez votos en contra (7 do PsdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER).

Repetida a votación co mesmo resultado, a moción resulta rexeitada polo voto calidade do alcalde.

9.3 SOLICITUDE DE COMPARECENCIA

9.3.1 SOLICITUDE DO GRUPO MUNICIPAL AER DE COMPARECENCIA DO ALCALDE EN RELACIÓN CUN CONTENEDOR NA PRAIA DE CESANTES

Por parte de AER solicitouse a comparecencia do alcalde, en data 22/11/2014 e número 2014017707, nos seguintes termos:

“Coñecida a recente adquisición do contedor da praia de Cesantes á mesma empresa que se contrataou para un curso de verán, solicitamos a comparecencia do alcalde para que explique o proceso de compra e con que criterio se valorou dita compra fronte a outras opcións.”

O alcalde sinala que xa se explicou no pleno que se adquiriu para adicalo a actividades relacionadas co eido do mar e houbo unha tasación por técnicos do Concello e o valoraron. Está a información no expediente.

O concelleiro BLANCO PÉREZ di que isto ven de atrás cando se fixo un curso de ocio turístico e náutico cuxo custe foi reparado polo interventor por posible fraccionamento do contrato. Sinala que se lle fixeron cinco contratos diferentes á mesma empresa e aínda por riba lle compran o contedor.

O alcalde sinala que non pode explicarlle moito porque a comparecencia non ía nese sentido e o expediente está rematado polo que pensa que levantou o reparo. Está todo no expediente e para él non había fraccionamento.

9.4 ROGOS E PREGUNTAS

Preguntas presentadas polo grupo municipal de AER o día 29/01/2015 con número de entrada 2015000934 que se transcriben a continuación:

9.4.1 SOBRE A ESTACIÓN DO AVE DOS EIDOS.

O día 15 deste mes atopamos no Faro de Vigo a seguinte declaración: O tenente alcalde de Redondela, Miguel Ángel Álvarez, xustifica a importancia deste proxecto ao tratarse dunha das zonas do centro urbano con maior densidade de poboación tras a construción de varios bloques de edificios nos últimos anos, nos que tamén se produciu un incremento da intensidade do tráfico, que se agravará coa posta en servizo da nova estación da AVE.

"Trátase dunha rúa que se ha ir urbanizando por tramos e agora é necesaria unha actuación para completar os servizos", explica.

Despois de ler esta declaración na prensa, podería dicirnos que tipo de trens e con que frecuencia van a ter parada na estación dos Eidos?

RESPOSTA:



CONCELLO DE REDONDELA

O concelleiro ÁLVAREZ BALLESTEROS di que non entende moito a pregunta, posto que non sabe cómo vai funcionar a estación.

9.4.2 SOBRE A ORDENANZA DO USO DO GALEGO NO CONCELLO DE REDONDELA

Ven sendo habitual neste equipo de goberno o feito de non cumprir a ordenanza do uso do galego. O último caso foi a edición dun libro sobre Rita Otero, en castelán, que editou o propio Concello.

Ten pensado o concelleiro de cultura facer algo para corrixir estas eivas e podería explicarnos os motivos destes incumprimentos reiterados da ordenanza municipal?

RESPOSTA

O concelleiro ALONSO MONTEAGUDO di que o Concello non pagou ningún destes libros. Nalgún casos foron teses de doutoramento das que se fixeron textos máis divulgativos nos que o Concello non ten control e foron traballos desinteresados.

9.4.3 SOBRE OS DANOS NAS OBRAS DO AVE

Na comisión de seguimento das obras do AVE do 23/11/2011, o alcalde “manifesta que dende o Concello se estudará a posibilidade de realizar unha valoración dos danos e perdas sufridos polo Concello a consecuencia das obras do AVE, na que se incluírían cuestións como horas de traballo de operarios municipais. E, a realización das actuacións necesarias para identificar adecuadamente os impactos ambientais que puideran estar directamente causados polas obras do AVE coa finalidade de esixir a súa restauración. “ Así consta en acta.

Despois de máis de 3 anos desta afirmación, existe algunha valoración destes danos e perdas, e un traballo de identificación dos impactos ambientais?

RESPOSTA

O concelleiro VILABOA FIGUEROA di que aínda non acabaron as obras e aínda non poden facer números.

E dado o avanzado da hora, sendo as vinte e tres horas e cincuenta e nove minutos, o alcalde levanta a sesión, da que se estende a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-